



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 3 DE
FEBREIRO DE 2011**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUÍZ FERRO

Concelleira
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro non adscrito
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro non adscrito

FALTA:

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO
Concelleiro do PP

SECRETARIA

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas do día tres de febreiro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 27 DE DECEMBRO DE 2010 E 12 DE XANEIRO DE 2011.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DA PRAZA DE ABASTOS.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO AO EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DEMANIAL SOBRE VÍA PÚBLICA DE TITULARIDADE MUNICIPAL RADCIADA EN A SAGRADA – CODESEDA.
4º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO Á MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE O PECHE DA OFICINA DE NOVACAIXAGALICIA EN CODESEDA.
5º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO Á MOCIÓN DO BNG SOBRE ÁS PRETENSÍONS DO GOBERNO DO ESTADO DE PRIVATIZAR E BANCARIZAR NOVACAIXAGALICIA.
6º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO RELATIVO Á PRESENTACIÓN Á TOMA DE RAZÓN E APROBACIÓN DO DOCUMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA ESTRADA, RESULTANTE DO PROCEDIMENTO DE SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS E INTRODUCCIÓN DAS MODIFICACÍONS REQUIRIDAS POLA ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES D 5 DE MAIO DE 2006, RESPECTO DO TEXTO APROBADO PROVISIONALMENTE POLO

	PLENO MUNICIPAL DO 30-01-06; E XA SOMETIDO IGUALMENTE AO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA LEI 9/2006, E TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA E INFORMES SECTORIAIS, TODO ISTO DEBIDAMENTE RECOLLIDO NO TEXTO OBXECTO DE PRESENTACIÓN, TRALA REVISIÓN E ESTIMACIÓN OU DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONFORME AOS ACORDOS ADOPTADOS NO SEO DA COMISIÓN MUNICIPAL DE URBANISMO.
--	--

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

7º.-	ROGOS E PREGUNTAS.
------	--------------------

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 27 DE DECEMBRO DE 2010 E 12 DE XANEIRO DE 2011. Conformes todos os Concelleiros/as coa redacción das actas, así como co seu contido, apróbanse por unanimidade as actas da sesións do vinte e sete de decembro de 2010 e 12 de xaneiro de 2011. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DA PRAZA DE ABASTOS.

INTERVENCIONS:

Sr. Alcalde: Hai unha emenda para introducir, entón ten a palabra o Sr. Gemán González Rodríguez.

Sr. González Rodríguez: Queda prohibida a actuación de revendedores e revendedoras ambulantes con vehículos montados ou desmontables ou outro de calquera tipo instalados no recinto da Praza de Abastos agás en casos excepcionais que en todo caso deberán ser autorizados expresamente polo Concello.

No art. 29 parágrafo 2: O tempo máximo que poderán permanecer en situación de traspaso será de 90 días debendo comunicalo por escrito ao Concello e ao remate dos 90 días do traspaso os postos non poderán continuar pechados sendo de aplicación o art. 43 e seguintes para a falta de prescripción das mesmas deste Regulamento.

Sr. Alcalde: Ben, imos votar primeiro a emenda, imos logo dar lectura ao ditame da comisión, logo votárase a emenda e posteriormente o ditame da comisión coa emenda incorporada.

Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Organización celebrada en data 28 de xaneiro de 2011 que transcrito literalmente di:

2.- NOVO REGULAMENTO DA PRAZA DE ABASTOS.- *A Sra. Presidente cede a palabra ao Sr. González Rodríguez quen indica que con motivo da entrada en vigor da Lei do Comercio faise preciso adaptar o Regulamento da Praza de Abastos á nova normativa. Dito Regulamento será de aplicación unicamente á primeira planta. Agarda que con este*

novo regulamento se facilite que os postos teñan unha maior demanda, e, ao mesmo tempo, regular a venda esporádica sobre a que na actualidade non existe control.

O Sr. Vicente Vicente matiza que co Regulamento que se atopa en vigor calquera veciño do Concello da Estrada e límites podería vender na Praza de Abastos.

Toma a palabra o Sr. Reboredo Baños para indicar que no artigo 29 existe un erro, pois a redacción do mesmo non está completa. Pola Sra. Presidente indícaselle que se corraxirá.

O Sr. Castro Blanco manifesta que o seu grupo é partidario de dar nova redacción ao artigo 8, aos efectos de permitir que en casos puntuais se poidan instalar postos desmontables ou móbiles na Praza de Abastos, como por exemplo durante a celebración da Feira Sustentable, mostrándose de acordo todos os presentes.

Non habendo máis intervencións, e unha vez deliberado suficientemente sobre o particular, a Comisión Municipal Informativa de Organización ditaminou favorablemente, por unanimidade, e propuxo ao Pleno, o seguinte:

-Vista a proposta asinada polo Concelleiro de Feiras e Mercados relativa á a establecer unha nova regulación da actividade comercial exercida na Praza de Abastos.

-Visto o borrador de Regulamento achegado co expediente.

-Visto o informe da Secretaria Xeral de data 21 de xaneiro de 2011.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Dar unha nova redacción no artigo 8 permitindo excepcións á prohibición alí recollida.

Segundo.- Corrixir o erro detectado no artigo 29.2..

Terceiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento da Praza de Abastos.

Cuarto.- Someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e sugerencias.

Quinto.- En caso de que non se presenten ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución.

INTERVENCIÓNS:

Sr. López Campos: Boa tarde a todos, tamén aos veciños que nos acompañan hoxe, pois en relación a este tema da Praza de Abastos, dixémolo na comisión informativa e seguímolo reiterando, a nosa intención de apoiar este Regulamento da Praza de Abastos, pero deixando constancia, xa o fixemos na comisión e querémolo facer tamén no Pleno, que nos gustaría que existise unha maior vontade por parte do Goberno para participar no que é a elaboración do futuro plan funcional da Praza de Abastos e as súas posibles utilidades que se lle poidan dar, creo que é positivo que todos poidamos achegar parte da nosa experiencia, intentar mellorar os proxectos que se poidan expoñer, pero entendemos que é un edificio que está nunha situación bastante precaria, que non reúne os requisitos mínimos para ser utilizado e que require dunha modificación substancial, polo tanto quero aproveitar este momento para empezar a pensar as propias funcións que son permitidas no propio entorno da Praza pero tamén para empezar a pensar xa en cales van ser os proxectos ou de que forma imos mellorar esas instalacións, que proxectos imos presentar, creo que poderíamos abrir un prazo para presentar esas iniciativas e ideas sobre como deberíamos enfocar ese tema e sobre todo coa idea que

acertemos nun edificio que eu creo que por emblemático no seu momento, e por situación, ubicación e por historia deberíamos reconducilo dunha forma definitiva e darlle a mellor solución e as mellores prestacións ás persoas que utilicen ese servizo que eu creo que debería ser un referente tanto na actividade comercial no noso concello como na actividade social, que os nosos veciños puidesen utilizar esas instalacións e compensar determinadas deficiencias que existen hoxe na nosa actividade de ocio e social no Concello. Polo tanto agardemos que neste caso poidamos chegar a un acordo e a un debate en profundidade nestes aspectos e que ao final o acordo que tomemos sexa o mellor para todos.

Seguidamente sométese a votación a emenda presentada polo concelleiro delegado Sr. González Rodríguez, resultando aprobada por unanimidade.

Sometido logo a votación o ditame da Comisión de Organización o Concello Pleno adopta por unanimidade os seguintes acordos:

Primeiro.- Dar unha nova redacción no artigo 8 permitindo excepcións á prohibición alí recollida.

Incluír a prohibición da actuación de revendedores e revendedoras ambulantes con vehículos montados ou desmontables ou outro de calquera tipo instalados no recinto da Praza de Abastos agás en casos excepcionais que en todo caso deberán ser autorizados expresamente polo Concello.

Segundo.- Corrixir o erro detectado no artigo 29.2.

Terceiro: No art. 29 parágrafo 2: O tempo máximo que poderán permanecer en situación de traspaso será de 90 días debendo comunicalo por escrito ao Concello e ao remate dos 90 días do traspaso os postos non poderán continuar pechados sendo de aplicación o art. 43 e seguintes para a falta de prescrición das mesmas deste Regulamento.

Cuarto.- Aprobar inicialmente o Regulamento da Praza de Abastos.

Quinto.- Someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Sexto.- En caso de que non se presenten ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO AO EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DEMANIAL SOBRE VÍA PÚBLICA DE TITULARIDADE MUNICIPAL RADICADA EN A SAGRADA – CODESEDA. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Organización celebrada en data 28 de xaneiro de 2011 que transcrito literalmente di:

“3.- EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DEMANIAL SOBRE VÍA PÚBLICA DE TITULARIDADE MUNICIPAL RADICADA EN A SAGRADA - CODESEDA. *A Sra. Presidente explica que unha vez adoptado o correspondente acordo polo Pleno Municipal de recuperación demanial de vía pública en A Sagrada – Codeseda, un dos propietarios afectados decidíu acudir á vía contencioso-administrativa, solicitando a suspensión cautelar do acordo, polo que é intención do Concello solicitar do Xulgado que non acceda a tal pretensión.*

Toma a palabra o Sr. Castro Blanco para preguntar aos presentes o motivo de que o informe da Secretaria Xeral se atope redactado en lingua castelán, descoñecéndoo os presentes. Solicita o Sr. Castro Blanco que se redacte en galego.

O Sr. López Campos indica que os representantes do Grupo Municipal do PP se van a abster ata o Pleno, pois están en desacordo co xeito en que se xestionou o problema xerado pola recuperación demanial do espazo público.

Pola súa banda o Sr. Reboredo Baños indica que tamén se va a abster, tendo en conta que xai hai 3 anos que tiña presentado unha moción nos mesmos termos que se está a debatir agora, o que demostra a incapacidade total do grupo de goberno.

Non habendo máis intervencións, e unha vez deliberado suficientemente sobre o particular, a Comisión Municipal Informativa de Organización ditaminou, cos votos a favor dos representantes dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (3) e BNG (1), coa abstención dos representantes do Grupo Municipal do PP (2), e dos Concelleiros D. José Manuel Reboredo Baños e D. Juan Antonio Torres Alvarez, o seguinte:

En data 28 de decembro de 2010 tivo entrada no Rexistro Xeral do Xuzgado de Primeira Instancia e Instrucción de Pontevedra o escrito de interposición de recurso, con petición de medida cautelar de suspensión, por parte de D. Juan José Fernández González (herdeiro de D. Alfonso Fernández Castro), en relación o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 2 de decembro de 2010, o cal contido consistía no exercicio por parte da Corporación Municipal dunha acción de recuperación posesoria sobre o ben comunal invadido/ocupado indebidamente, e así requirir a D. Ramón Jaime Basteiro Valladares e Dona María Manuela Pensado Leis; e a, D. Alfonso Fernández Castro, para que tiveran a amabilidade de desocupar os segmentos ou franxas de terreo comunal de 57,00 m2 e de 41,00 m2 respectivamente, que están indebidamente invadindo na radicación indicada.

En data 4 de xaneiro de 2011 e R.E. 0079, tivo entrada no Concello de A Estrada a peza separada de suspensión 86/ 2010-A da eficacia do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en data 2 de decembro de 2010, neste escrito de peza separada indícase que se da traslado á Administración demandada por prazo de dez días, conforme ó disposto no artigo 131 da LJCA, para que expoña o que estime procedente sobre a solicitude formulada polo recurrente.

Coma consecuencia por parte da Alcaldía-Presidencia , en data 17 de xaneiro de 2011, expúxose en relación o asunto referenciado, o seguinte:

“José Antonio Dono López, coma Alcalde-Presidente do Concello de A Estrada, e en virtude do estabrecido no artigo 20,1k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e no que respecta ó asunto referenciado manifesta o seguinte:

En virtude do estabrecido no artigo 57 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común: “Os actos das Administracións Públicas presumiranse válidos e producirán efectos dende a data en que se ditén, salvo que neles se dispoña outra cousa.” Asimesmo o artigo 94 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común establece que: “1.- Os actos das Administracións Públicas suxeitos a Dereito Administrativo serán inmediatamente executivos , salvo o previsto nos artigos 111 e 138,e naqueles casos en que unha disposición estableza o contrario ou necesiten aprobación ou autorización superior.”

O artigo 111 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, indica que:

1.- A interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.

2.- Non obstante o disposto no apartado anterior, o órgano a quen competa resolver o recurso, previa ponderación, razoada, entre o prexuízo que causaría ó interés público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que se causa ó recurrente, coma consecuencia da eficacia inmediata do acto recurrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do

recurrente, a execución do acto impugnado cando concorra algunha das seguintes circunstancias: a) Que a execución puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

Considerando os fundamentos de dereito mencionados e en relación ó asunto referenciado, expónse o seguinte::

PRIMEIRO.- En canto ós posibles prexuízos de imposible ou difícil reparación, indicar que a posible execución subsidiaria do acto en cuestión, que comporta unha superficie invadida duns 41,00 m2, suporía para o Concello de A Estrada un importe de 576,31 Euros (IVE incluído), gastos estimados no informe do Enxeñeiro Técnico Agrícola de data 19.05.10, pola cal cousa, estímase que a execución non suporía un prexuízo de imposible ou difícil reparación, precisamente polo importe que suporía exercitar polo Concello a execución subsidiaria do acto administrativo en cuestión. En relación co anterior dato, indicar asimesmo que se o Concello de A Estrada, en virtude do exercicio da acción xudicial, tivera que restituír a realidade de feito ó estado actual, a restitución da realidade, non comportaría a presentación polo interesado-demandante dun proxecto para a obtención da correspondente licenza.

SEGUNDO.- Polo que respecta a anchura das beirarrúas, indicar que se trata dun proxecto que realizou a Excma. Deputación de Pontevedra e aprobado pola mesma na Xunta de Goberno Provincial, na sesión de data 01.10.08, pois esta Administración é a que procederá á execución do proxecto, o cal comporta que o Concello de A Estrada se limita a proceder a poñer en disposición os terreos para a execución da actuación pola Excma. Deputación de Pontevedra, de ahí o exercicio da acción de recuperación de oficio, á vista de que detectouse un impedimento para a execución das obras proxectada, referido a que parte dos terreos afectados, superficiados en 57 m2 (diante da edificación nº 19) e en 41,00 m2 (terraza existente diante da edificación nº 21), están ocupados respectivamente e indebidamente por D. Ramón Jaime Basteiro Valladares e Dona María Manuela Pensado Leis, e por D. Alfonso Fernández Castro, dado que, segundo a documentación presentada e informes recabados no expediente son restos da antiga Feira de Codeseda, que co paso do tempo e as ampliacións da estrada provincial, quedaron coma marxinais e separados de todo o que no seu momento foi a citada Feira.

TERCEIRO.- Considérase en virtude do interés xeral de prestación adecuada dos servizos ó cidadán, que a execución de esta actuación comportará a prestación dun servizo mínimo de natureza esencial como é o encintado de beirarrúas, en virtude do establecido nos artigos 25, 26 e 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola cal cousa se entende que se ha de primar o interés xeral sobre os intereses particulares, principio polo que ha de velar unha Administración Pública atendendo ó artigo 103 da Constitución Española e en sí a demora da actuación, que `provén do 2008, xa prexudicou suficientemente os intereses veciñais.

Á vista do exposto, SOLICITASE que se tome en consideración o exposto, en canto á solicitude da medida cautelar de suspensión da eficacia da resolución recorrida (peza separada de suspensión 86/2010-A/Dimana do procedemento ordinario 487/10).

Ós efectos oportunos remítase expediente para a súa posta en coñecemento e toma en consideración.”

A vista dos antecedentes de feito, e considerando que o acordo, o cal contido consistía no exercicio por parte da Corporación Municipal dunha acción de recuperación posesoria sobre o ben comunal invadido/ocupado indebidamente, foi adoptado pola Pleno da Corporación Municipal, en virtude dos artigos 21.1 k), 22.2j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ACORDAMOS:

PRIMEIRO.- Validar o contido do exposto no escrito de Alcaldía de 17 de xaneiro de 2011 en relación a peza separada de suspensión 86/ 2010-A da eficacia do acordo adoptado polo

Pleno da Corporación, en data 2 de decembro de 2010, remitido o Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Pontevedra o 18 de xaneiro de 2011, R.S. 000287.

SEGUNDO.-Notificar este acordo á Excm. Deputación de Pontevedra, coma parte interesada no procedemento.

TERCEIRO.- Notificar este acordo a D. Ramón Jaime Basteiro Valladares e Dona María Manuela Pensado Leis, e a D. Juan José Fernández González (herdeiro de D. Alfonso Fernández Castro).

CUARTO.- Notificar este acordo ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Pontevedra.”

INTERVENCIONS:

Sr. López Campos: En relación ao tan debatido asunto das beirarrúas da Sagrada de Codeseda, creo que xa quedou manifestamente clara cal era cal é e será a postura do PP, esta foi unha obra comezada a principios do anterior mandato, unha obra moi demandada polos veciños e veciñas de Codeseda e da Sagrada e paréceme que ademais prestaba un servizo excepcional ás necesidades dun núcleo de veciños que poden ter acceso a unha gran cantidade de servizos que utilizan no día a día, polo tanto entendiamos que era unha obra xusta e necesaria pero o devir dos acontecementos levounos a que unha parte desas obras non puidesen ser rematadas. Creo recordar que en máis de dez ocasións os partidos da oposición presentamos algún tipo de iniciativa en sesións plenarias para abordar a problemáticas das beirarrúas de Codeseda. En máis desas 10 ocasións que expuxemos o debate o equipo de goberno, sobre todo o Partido Socialista rexeitou intentar buscar unha solución consensuada, eu creo que no seu momento tería unha solución a adoptar que contaba co consenso da maior parte dos veciños, déronse excesivos bandazos á hora de xestionar este tema, un tema que non reviste tanta transcendencia e de feito se asumise a súa responsabilidade dende o primeiro momento debería estar solucionado xa hai anos, pero que a deixadez deste Goberno, a falta de capacidade de xestión e negociación lévanos a ter este asunto como un dos puntos representativos do que foi, é e está sendo a xestión do Goberno Municipal na Estrada, incompetencia, incapacidade, non asumimos a nosa responsabilidade que nos corresponde como os máximos responsables á hora de xestionar os problemas do noso concello e lévanos a que 45 meses despois este tema estea en fase de solución, cando eu creo que en 4 ou 5 meses este tema tiña que estar solucionado e cóstanos ademais que unha gran parte dos veciños no ano 2008 tiñan chegado a un acordo para unha solución que fose o menos mala para todo, o que pasa é que houbo unha gran metedura de pata por parte do Goberno, intentouse non sei con que fin nin nunca fomos capaces de descubri-lo facer unha consulta popular para facer cal era a proposta definitiva que xa partía cun consenso previo, pero empeñouse en facer esa consulta, ao final as cousas saíron xusto ao revés do que pretendía o Goberno e iso desencadenou unha serie de feitos en cascada que obrigaron a paralizar este proceso e ademais en definitiva o único que se conseguiu foi paralizar os intereses deses veciños que podían gozar desa boa infraestruturas, polo tanto alegrámonos de que 45 meses despois este Goberno vise a luz ao final do túnel nun tema que non revestía ningún tipo de complicación, pero si é certo que este Goberno complícase a vida a el só e polo tanto está claro que nos parece lóxico e razoables que agora mesmo fagamos a ocupación deses terreos, que se intente rematar esa obra e que con posterioridade e en función do fallo xudicial se tomen as medidas oportunas, polo tanto o voto favorable do PP a esta iniciativa.

Sr. Reboredo Baños: Boa noite, nós xa non somos sospeitosos porque xa en xuño de 2008, si vostede ríase Sr. Alcalde pois é o único que pode facer, pois a xestión non lle dá para máis, pero o que si é certo é que en xullo de 2008 estes dous concelleiros presentáronlle unha moción a vostede que rechazaron, na que xa lle

propoñiamos, visto todo o expediente que figuraba nas beirarrúas de Codeseda, que se procedese á delimitación dos terreos para determinar se eran públicos ou privados, e diciámoslle na moción que de ser públicos se ocupasen e de ser privados se expropiasen para darlles contidos a esas beirarrúas. Vostedes no seu momento refugaron esa moción proposta pola oposición e dous anos despois, ao final da súa lexislatura, vén presentándonos un proxecto ou unha proposta para iniciar todo ese trámite; o trámite xa o iniciou vostede coa delimitación hai un par de meses e agora para ocupar eses terreos con sentenza xudicial. Polo tanto nós evidentemente imos votar a favor dela pero iso demostra unha vez máis que vostede non escoita e polo tanto toma as súas propias decisións e polo tanto é preso das mesmas, catro anos despois os veciños de Codeseda están sen disfrutar desas beirarrúas.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG –PSOE: Hai unha máxima que di camiña lento que quero chegar pronto e o Sr. López marcaba perfectamente na súa intervención que isto iniciábase no 2003 nos primeiros meses da última lexislatura do último mandato do Sr. Ramón Campos. Evidentemente xa coñecemos os calificativos e descualificacións que se usan habitualmente e dos “ins” incapacidade, insolvencia, ineptitude etc xa temos un diccionario amplo e exhaustivo, creo que non queda ningunha acepción máis que cargarlle e o Goberno xa sabe cal é o papel da oposición e o papel que lle corresponde, pero o Sr López díxoo claramente Sr Reboredo, isto iníciase no 2003. Que este Goberno deu bandazos?, este Goberno o que fixo foi dialogar con todas as partes e negociar con todos os afectados. Evidentemente todos sabemos do servizo que esta obra presta, da demanda veciñal que había cara a mesma, pero non todos os veciños estaban afectados, dous consideraban e un deles segue considerando que é titular de corenta e pico metros cadrados, polo tanto antes de meternos nun conflito, intentar arranxalo pola vía do diálogo. Se vostedes estaban tan seguros do que había que facer, Sr. Reboredo vostede tivo responsabilidades de urbanismo, porque non o fixo no seu mandato, porque deixou esta herencia?. Polo tanto o único que fixo este Goberno é ir cos pés sobre a terra sobre seguro precisamente para non cometer ningún erro xurídico que non houbese que dar marcha atrás, intentar dialogar e dialogar. Unha vez esgotada esa vía chegouse á solución que se adopta agora e unha das partes retírase pero outra das partes segue considerando a súa titularidade e evidentemente este Concello non vai permanecer pasivo e vai adoptar as medidas que teña que adoptar pero dende logo sen atopellar a ninguén.

Sr. Reboredo Baños: Eu nas miñas responsabilidades de urbanismo en tres anos e medio non levei as competencias das beirarrúas, non tiña delegadas as competencias nin das beirarrúas de Codeseda nin das de Vilar, polo tanto non me sinto responsable nese sentido. Eu o que si lle digo é que ese foi un proxecto que si se xestionou e se iniciou na época anterior e que a vostedes catro anos despois, quidoulles o tiro da porta para rematar e foron incapaces de rematalo e só lles digo que vostedes non escoitaron a quen hai dous anos lles expuxo unha actuación concreta a través dunha moción, que para iso estamos aquí, para facer propostas pero vostedes negan e evidencia e opóñense a todo o que lles chega dende o outro lado, por iso lles digo que se vostedes houbesen feito caso aos que naquel momento lles propuxo a moción, nós pretendiamos delimitar e vostedes dixeron que non podían delimitar e hai tres ou catro meses solicitáronlles aos técnicos municipais que delimitasen, se iso non é pegar bandazos, pasar catro anos sen dar golpe, que veña outro e que o conte, porque eu non o creo, polo tanto se vostedes fixesen caso a quen lles puxo unha proposta encima da mesa terían o tema resolto e os veciños estarían gozando das beirarrúas e iso é o que é e eu non utilicei cualificativos de ningún tipo, non falei nin sequera de negligencia, dixeran que vostedes foron incapaces de aceptar propostas que ían no bo sentido, que nos dan a razón hoxe, punto.

Sr. López Campos: Creo que o Sr. Espiño falta á verdade e sábeo vostede perfectamente, di que esas obras se iniciaron no 2003 e sabe vostede que iso é

falso, iniciáronse no mandato do 2003 ao 2007, pero non trabuque vostede as datas porque non vaia a parecer que as obras levan rematadas dende o 2003 ou semirematadas, e vostedes saben que o Alcalde da Estrada fixo naquel momento unha aparición estelar dicindo que había presuntas irregularidades na xestión desa obra porque había unha partida que se lle reclamaba ao Concello e que o Concelo, recorda vostede non?, e iso foi no ano 2006 que foi cando se fixo esa obra, cando quedou sen rematar o último tramo e cando vostedes accederon ao Goberno no 2007 e recolleron esa obra sen rematar e a obra tamén das beirarrúas de Vilar, no ano 2007. Polo tanto non é certo o que vostede acaba de dicir, tamén é bastante triste e voulo dicir con todo o agarimo, que se o resultado da súa xestión e do seu diálogo e da súa negociación durante catro anos é chegar ao punto onde todos estabamos de acordo que tiñamos que chegar hai corenta e seis meses, recoméndolle que dialogue menos e traballe máis. É unha proposta que lle fago dende o cariño e o respecto e non dialogar durante 4 anos, porque ademais no é certo eu quérolle dicir aquí publicamente que eu me reunín hai poucos días coas dúas partes máis afectadas neste asunto e negáronme e desmentíronme que as declaracións que fixera o Sr. Alcalde de que tiña un constante diálogo con eles eran radicalmente falsos, que con eles non se puxera en contacto ningúen nos últimos 12 ou 18 meses para intentar buscar unha solución a ese tema, é radicalmente falso que vostedes dialogaran con eles. O último trámite que vostedes fixeron foi aquela consulta popular na que ademais foi e nós dixémoslle aquí e trouxémolo a este Pleno, que meteron a pata ata o fondo e equivocáronse radicalmente poque naquel momento había un acordo xa por parte dos veciños para facer un modificación do proxecto, naquel momento enviouse un modificación do proxecto no que estaban de acordo todos os veciños afectados e non afectados para facer unha pequena modificación e tocar o menos posible os terreos privados deses dous veciños que ao final son os que temos que expropiar agora. Polo tanto está visto que os seus meses e anos corren distintos aos dos demais eu creo que para vostedes catro anos como exemplo de xestión o que dicía o compañeiro Reboredo, creo que como resumo da súa xestión pódese dicir que en 48 meses, nunha legislatura e catro anos non foron capaces nin de poñer plaqueta a 80 metros na beirarrúas de Codeseda eu creo que é un bo resumo tamén da xestión municipal feita e dende logo un tema relativamente menor, que non debería requirir máis de 15 días ou un mes para ser solucionado, diálogo si, falar cos propietarios pero a día de hoxe vemos que non hai acordo exactamente igual que hai 4 anos, estamos na mesma situación pero con catro anos perdidos e dende logo me parece que como dicía antes en 15 días ou un mes tiña que esta solucionado e o Concello unha vez escoitadas as partes tomar unha decisión e unha postura firme e decidida na resolución dese conflito, foise deixando pasar, seguiron vostedes a ritmo de samba como todo este mandato de 4 anos, sen querer entrar en fariña de ningún tipo e sen querer entrar no que é a xestión do día a día dos problemas do Concello e ao final pasa o que pasa, chega o momento que pasan os catro anos do mandato e o tema de Codeseda segue sen arranxar, agardemos que esta vez sexa definitiva e que fagan os deberes tarde mal e arrastro no minuto de desconto como sempre.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG –PSOE: Faltaba que vostede botase man do símil futbolístico e meteuno no último minuto. Eu non faltei á verdade sobre que fose nos inicios da anterior legislatura, eses foron as primeiras palabras que dixo vostede, escoite a cinta e senón é que vostede fala de memoria e confunde as datas. En calquera caso lentos pero seguros, e a vía do diálogo cos propietarios só se pechou dende o momento que se pecharon en banda e se negaron ao mesmo, de calquera xeito algo conseguimos porque o 50% dos afectados retiraron a súa proposta inicial e ceden os terreos xa agora mesmo para a súa posta en marcha. Só cando houbo o fin da vía de negociación este Concello adoptou a vía que tiña que tomar que foi poñer a disposición da Deputación os terreos necesarios para o mesmo, pero se vostedes eran tan áxiles, ¿porque non deixaron o proxecto perfectamente tramitado no momento?, porque este proxecto como vostede ben dixo é da anterior legislatura, é do PP. Porque non o deixaron perfectamente atado e redactado por parte súa?, polo tanto é un herdo que nos quedou a nós e que consideramos de

resolvelo, unha chapuza que vostedes fixeron, de resolvelo coas mellores medidas posibles coas partes afectadas e nunca houbo tal acordo, como di vostede entre o resto dos veciños e os que se consideraban titulares destes terreos obxecto desta proposta de hoxe, nunca houbo tal acordo, está vostede faltando á verdade aí, polo tanto os que se consideraban titulares do terreo, mantivéronse firmes no mesmo a pesares dos intentos de negociación por parte do Goberno Municipal, pero isto xa lle digo isto é unha secuela das chapuzas que fixeron vostedes nos anos anteriores, polo tanto eu entendo que o Sr. Reboredo ao mellor non tivese as competencias porque estaba bastante recortado polo Sr. Campos, perdoe porque xa o quería poñer a vostede de alcalde na anterior lexislatura, pero en todo caso este Goberno non dá bandazos, bandazos dáos quen anda dun partido para outro.

Sr. Reboredo: Sr. Alcalde, dez segundos nada máis.

Sr. Alcalde: Vostede séntese aludido?. Entón recoñece que é o que dá os bandazos?. Sr. Reboredo non houbo alusión, ou vostede cambiou de partido nos últimos anos?.

Sr. Reboredo: Si, cambiei de partido nos últimos anos, e é público e notorio, pero o Sr. Espiño di que hai diálogo co propietario despois de iniciar o expediente de delimitación, e polo tanto o paisano di, non vou recurrir porque non teño razón, pero primeiro fíxose o expediente de delimitación.

Sr. Alcalde: Pero como me vai dicir vostede o que fixen eu?. Con estes propietarios falouse antes da consulta popular moitas veces, despois da consulta popular e chegou un momento que decidiron que non querían achegar os terreos e polo tanto o Concello tivo que tirar pola vía que tivo que tirar, pero é lamentable que vostede fale de bandazos primeiro, e segundo que me digan vostedes un expediente que levaba con vostedes catro anos, dende o 2003 como dixo o Sr. López que agora resulta que o problema é noso. Nós o que tratamos, igual que no PXOM que vostede xestionou tan ben, de dialogar cos veciños, simplemente, en vez de enfrontarse dialogar. Falamos do que vostede queira cando vostede queira, e polo tanto non procede máis debate e imos proceder á votación do punto.

Deseguido Concello Pleno, adopta por unanimidade os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Validar o contido do exposto no escrito de Alcaldía de 17 de xaneiro de 2011 en relación a peza separada de suspensión 86/ 2010-A da eficacia do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en data 2 de decembro de 2010, remitido o Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Pontevedra o 18 de xaneiro de 2011, R.S. 000287.

SEGUNDO.-Notificar este acordo á Excm. Deputación de Pontevedra, como parte interesada no procedemento.

TERCEIRO.- Notificar este acordo a D. Ramón Jaime Basteiro Valladares e Dona María Manuela Pensado Leis, e a D. Juan José Fernández González (herdeiro de D. Alfonso Fernández Castro).

CUARTO.- Notificar este acordo ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Pontevedra.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO Á MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE O PECHE DA OFICINA DE NOVACAIXAGALICIA EN CODESEDA. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Organización celebrada en data 28 de xaneiro de 2011 que transcrito literalmente di:

“4.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO PECHE DA OFICINA DE NOVACAIXAGALICIA EN CODESEDA.- *A Sra. Presidente explica que se presentou*

unha moción por parte do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para tratar de iniciar xestións que leven a Caixanovagalicia a reconsiderar a súa postura de pechar a oficina que se atopa en Codeseda.

Toma a palabra o Sr. López Campos para indicar que descoñece o motivo desta iniciativa, pois tanto pode ser para facer forza para que non se peche a oficina como para enfrontar aos veciños, xa que lle parece criticable a actitude do PSOE politizando este asunto ao iniciar unha campaña de recollida de sinaturas entre os veciños, existindo outros mecanismos dentro da Corporación, polo que pide que se explique a postura do goberno neste asunto, xa que hai veciños que non queren asinar un documento que leva o logotipo do PSdeG-PSOE.

A Sra. Louzao Vieites contéstalle que simplemente se estar causar un prexuízo aos veciños polo peche desta oficina, pero que non existe ningún problema para tratar de chegar a un acordo unánime.

O Sr. López Campos replícalle que apoiaría a moción, pero non o xeito en que se están a facer as cousas.

O Sr. Reboredo Baños manifesta que a moción fai referencia a que se “inste” a Novacaixagalicia a non pechar a oficina, pero que moito se teme que por moito que se inste a oficina se vai a pechar igual.

Non habendo máis intervencións, e unha vez deliberado suficientemente sobre o particular, a Comisión Municipal Informativa de Organización ditaminou, cos votos a favor dos representantes dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (3) e BNG (1), coa abstención dos representantes do Grupo Municipal do PP (2), e dos Concelleiros D. José Manuel Reboredo Baños e D. Juan Antonio Torres Alvarez, o seguinte:

-Vista a moción presentada en data 21 de xaneiro de 2011 polo Grupo Municipal Socialista relativa ao peche da oficina de Novacaixagalicia en Codeseda

ACORDAMOS

Instar á entidade bancaria Novacaixagalicia a reconsiderar a súa decisión de pechar a oficina de Codeseda, garantindo a súa permanencia e excluíndoa das sucursais que serán clausuradas con motivo da reorganización da súa rede de oficinas.”

INTERVENCIÓNS:

Sr. López Campos: Simplemente trasladar o comentario que fixemos na comisión informativa, pois o problema non se está a xestionar da forma que se debería, pois un problema que debería ser de relevancia para unha determinada área ou zona rural, cun servizo que se lles presta a eses veciños, entendemos que teríamos que deberíamos intentar buscar un consenso e non politizar en exceso ese tema. Creo que esa decisión que toma o PSOE e esa recollida de sinaturas cun membrete onde aparece o puño e a rosa, paréceme que non é a mellor maneira para defender os intereses colectivos ante unha institución financeira que o único que busca é a súa rendibilidade e ante esta fusión toma unha decisión ante esta fusión das entidades Caixa Galicia e Caixanova de facer un plan de peche dunha serie de sucursais a nivel autonómico. Creo que poderíamos ter feito máis forza xuntos que por separado e paréceme que este é un tema que posiblemente esa politización e esa ánimo por buscar a noticia política e sesgada por parte do PP pode prexudicar o proceso e pode verse como unha iniciativa exclusivamente dun partido que intenta dar un paso adiante nun tema que deberíamos levar con consenso e coordinación. De todos os xeitos no fondo da cuestión estamos de acordo, cremos que é un atraso para Codeseda e as parroquias limítrofes que se peche esa oficina e estamos a favor de que se considere esa decisión sen menoscabo de que se fagan outro tipo de xestións, de pouco vale unha mera moción dunha Corporación

Municipal se non hai outro tipo de xestións, estes días houbo unha reunión na Coruña e agardemos que esa reunión dea os seus froitos e ao final os veciños de Codeseda non vexan mermados os servizos que teñen nese núcleo rural.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG –PSOE: Non agardabamos outra cousa de vostede, pois evidentemente foi mal xestionado, sería a primeira vez que xestionasemos algo ben. E iso sería para gardar nos anais e gardalo como un récord que vostede dixese que fixemos algo ben. Evidentemente vostede mestura as churras con merinas, o entrante co postre, fai un guiso mal elaborado e non sabemos se imos comer ou non. Mire vostede, politización, aquí non estamos politizando nada, consenso di vostede, para iso están as comisións informativas, precisamente para buscar aproximacións, porque vostede non fixo as achegas nas comisións informativa que se levou aos efectos disto. Aquí o que se tratou foi que vostedes como calquera grupo da Corporación ten a liberdade e capacidade de presentar unha moción para o seu debate en Pleno, previamente informado pola Comisión Informativa que se pode ou non consensuar, e iso é o que fixo este grupo político, que compara vostede as sinaturas con isto. Cada grupo municipal ten a capacidade de fixar a súa estratexia, e iso é o que fixo este grupo municipal, presentar unha moción de apoio aos intereses dos veciños para que conten cun servizo básico como é a sucursal da antiga Caixanova e agora Novacaixagalicia para que manteñan os seus servizos a un amplo sector da poboación do noso Concello e iso é o que fixo este grupo municipal e o que trae a este Pleno para o seu debate, e o que estamos agardando para ver o que fixo vostede como parlamentario e polo tanto membro do PP e do grupo que está gobernando na Xunta de Galicia a ver que fixo como unha parte activa tamén dentro dos órganos de dirección das caixas, a ver que fixo vostede pola defensa dos intereses dos veciños, iso é o que fixo este grupo municipal e é algo que trae aquí para tomar a decisión hoxe, e iso é o que queren os veciños, vostede en vez de facer iso, polo menos o que eu teño entendido que lles trasladou aos veciños, ao final díxolles que non era o seu problema, pois é o seu problema como calquera outro cidadán e como candidato á Alcaldía deste Concello e dígolle o que me trasladaron, cumpra vostede coa súa obriga que este Goberno cumpre coa súa.

Sr. Alcalde: Pois vostede estará comigo en que o que dixen eu será o mesmo que vou repetir agora mesmo, e así o poderá acreditar. Dixen o mesmo que dixen na miña intervención, que hai unha decisión estratéxica deseñada por unha entidade financeira que fai un plano de reorganización motivado por unha orde imposta polo Goberno Central, estará vostede comigo en que o Goberno de Madrid toma unha decisión que despois cambia e actualmente toma unha segunda decisión que é o tema da capitalización das entidades financeiras, e que vai prexudicar seriamente os intereses da nosa caixa galega e nese aspecto, nesa política que eu non vou definir, pero todos sabemos como é a política do Sr. Zapatero a nivel nacional, ao final trae como consecuencia que esa política que como dicía nos está levando á completa ruína en España, pois aféctanos directamente ás entidades financeiras en Galicia e este problema que é o que eu dixen en Codeseda non se soluciona cunha moción nin cunha recollida de sinaturas, este problema soluciónase xestionando e buscando os interlocutores válidos para negociar unha solución a esta problemática que é o pechamento da oficina de Codeseda e tamén dixen que me parecía tremendamente difícil porque está claro que nesta situación estarán as máis de 200 oficinas en todo Galicia que van ter que ver como pechan as oficinas que prestaban o servizo directo a miles de galegas e galegos. Creo que é unha decisión complicada, estratéxica que ao final as entidades financeiras buscan a rendibilidade e ao final as oficinas que menos achegan ao grupo, e eu traballei 14 anos nunha entidade financeira, e as oficinas que menos rendibilidade achegan son as susceptibles de ser pechadas en primeiro lugar e está claro que hai que recapitalizar a nova caixa galega, hai que buscar unha solvencia a corto prazo e está claro que un dos plans negociados e consensuados e dentro diso van os expedientes e regulación de emprego e o pechamento de oficinas e é obrigatorio e inexcusable facelo e polo tanto entendiamos que a nós non nos parecía suficiente o

tema de presentar unha moción e recollida de sinaturas senón que había que facer unha xestión a máis alto nivel e neste caso aínda que parece que o PSOE ten moi boa estima a xestión do PP neste caso a miña xestión, vexo que en moitos dos aspectos que lle corresponden xestionar a eles a culpa sempre é do Sr. López Campos, o cal me alegra e me gusta que sigan nesa liña porque están dando a imaxe de xestionar e resolver pero dixéronme que era responsabilidade do alcalde da Estrada facer esa xestión o alcalde de todos os estradenses e eu se nalgún caso se me pedía axuda, ou podía facer unha xestión para intentar solucionar ese tema, o que estivese nas miñas mans tamén se faría. Eu creo que é unha postura sensata e ademais aquí a quen lle corresponde gobernar de momento é ao PSOE e é moi cómodo estar sentado no sillón agardando que as cousas se arranxen soas pero ás veces hai que moverse e buscar as solucións fóra porque á casa ninguén nolas vén arranxar.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG –PSOE: Non sei se está xustificándose a si mesmo ou se está xustificando a estratexia de Novacaixagalicia, a verdade é que eu non sei que é o que veu dicir. Mire, aquí está simplemente unha moción deste concello que é instar ou dirixirse aos órganos correspondentes para solicitando que se adopte unha medida que nós consideramos beneficiosa para os nosos veciños, e vostede ten razón que é responsabilidade do Alcalde, o Alcalde xa se moveu nos órganos de dirección da nova caixa precisamente para facer as xestións que dentro da súa competencia e responsabilidade ten, xa o fixo, o que si lle digo é que estamos agardando que xestións fixo vostede dende un órgano dende o que vostede ten responsabilidade tamén, claro porque vostede di que lle pedimos axuda, nós non lle pedimos axuda nós pedímoslle que tome iniciativas como membro que é do Parlamento de Galicia, é un órgano de decisión e o presidente da Xunta de Galicia ten tamén responsabilidade. Este Goberno fixo as mocións oportunas e necesarias para intentar solventar un problema dos veciños e dígolle que se vostede ten iniciativas, léveas a cabo e inste ao Presidente da Xunta de Galicia para que tamén asuma o papel que lle toca no mesmo e deixe de andar con paliativos, parece que quere xustificarse vostede ou se está xustificando a estratexia de Novacaixagalicia ou nos quere levar ata a política do Fondo Monetario Internacional, porque xa subiu bastante o voo e vains pasar como ao corvo aquel que pedía máis palla.

O Concello Pleno, adopta por unanimidade o seguinte acordo:

Instar á entidade bancaria Novacaixagalicia a reconsiderar a súa decisión de pechar a oficina de Codeseda, garantindo a súa permanencia e excluíndoa das sucursais que serán clausuradas con motivo da reorganización da súa rede de oficinas.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO Á MOCIÓN DO BNG SOBRE AS PRETENSÍONS DO GOBERNO DO ESTADO DE PRIVATIZAR E BANCARIZAR NOVACAIXAGALICIA. Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Organización celebrada en data 28 de xaneiro de 2011 que transcrito literalmente di:

FORA DA ORDE DO DÍA

“E previa declaración de urxencia, a Sra. Presidente cede a palabra ao Sr. Castro Blanco quen presenta unha moción en representación do Grupo Municipal do BNG para solicitar do Pleno que amose o seu rexeitamento ás pretensións do Goberno do Estado de “bancarizar” as caixas de aforros, xa que ao seu entender estas perderían o fin para o que foron concebidas, sendo o mesmo diferente que o dos bancos.

Non habendo intervencións, a Comisión Municipal Informativa de Organización ditaminou, cos votos a favor dos representantes dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (3) e BNG (1), coa abstención dos representantes do Grupo Municipal do PP (2), e dos Concelleiros D. José Manuel Reboredo Baños e D. Juan Antonio Torres Alvarez, o seguinte:

-Vista a moción presentada en data 28 de xaneiro de 2011 polos integrantes do Grupo Municipal do BNG Dna. Raquel López Doce, D. Xoán Carlos Castro Blanco e Dna. Isabel Ruíz Ferro relativa ás pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar Novacaixagalicia.

ACORDAMOS:

- 1.- Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).*
- 2.- Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado “Plan de reforzamento do sector financeiro” no que atinxe ás caixas de aforro.*
- 3.- Reclamar do Goberno da Xunta de Galicia a que defenda as competencias estatutarias de Galicia, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparelada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.*
- 4.- Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central e galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro”.*

INTERVENCIONS:

Sr. Reboredo Baños: Que manteña a orde nesta sala como é a súa obriga, que aplique o Regulamento e que non permita ningunha intervención por parte do público, polo tanto como membro desta Corporación pido que sexa escrupuloso para aplicar ese Regulamento para que se poida desenvolver esa actividade con normalidade.

Sr. Alcalde: Considero que de momento non se alterou esa liberdade, e vostede ademais coñéceme a min en toda a traxectoria e non soamente quero falar de plenos e eu que fun concelleiro neste Concello Sr. Reboredo antes ca vostede e considero que houbo alteracións noutros plenos maiores ca os do día de hoxe e entendo tamén que dentro dos de manter as formas tamén hai que ter a flexibilidade suficiente e tamén digo que se os concelleiros axudamos a manter a orde dentro dun límite, todo irá sobre rodas como non debe ser doutra maneira. Coincido con vostede que os plenos no Concello da Estrada deben desenvolverse de xeito democrático pois é a máxima expresión da democracia no noso Concello e polo tanto estou de acordo con vostede e como xa fixen unha advertencia, supoño que non se volverán producir alteracións no desenvolvemento do Pleno ata o momento sen que tivesemos alteracións serias.

O Concello Pleno, adopta por unanimidade os seguintes acordos:

- 1.- Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).
- 2.- Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado “Plan de reforzamento do sector financeiro” no que atinxe ás caixas de aforro.
- 3.- Reclamar do Goberno da Xunta de Galicia a que defenda as competencias estatutarias de Galicia, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparelada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.

4.- Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central e galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO RELATIVO Á PRESENTACIÓN Á TOMA DE RAZÓN E APROBACIÓN DO DOCUMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA ESTRADA, RESULTANTE DO PROCEDEMENTO DE SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS E INTRODUCCIÓN DAS MODIFICACIÓNS REQUIRIDAS POLA ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES D 5 DE MAIO DE 2006, RESPECTO DO TEXTO APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO MUNICIPAL DO 30-01-06; E XA SOMETIDO IGUALMENTE AO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA LEI 9/2006, E TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA E INFORMES SECTORIAIS, TODO ISTO DEBIDAMENTE RECOLLIDO NO TEXTO OBXECTO DE PRESENTACIÓN, TRALA REVISIÓN E ESTIMACIÓN OU DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓN PRESENTADAS CONFORME AOS ACORDOS ADOPTADOS NO SEO DA COMISIÓN MUNICIPAL DE URBANISMO.

Polo Alcalde, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Urbanismo celebrada en data 25 de novembro de 2010 que transcrito literalmente di:

PRESENTACIÓN Á TOMA DE RAZÓN E APROBACIÓN, SE PROCEDE, POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA, DO DOCUMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA ESTRADA RESULTANTE DO PROCEDEMENTO DE SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS E INTRODUCCIÓN DAS MODIFICACIÓNS REQUIRIDAS POLA ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, DO 5 DE MAIO DE 2006, RESPECTO DO TEXTO APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO MUNICIPAL DO 30 DE XANEIRO DE 2006; E XA SOMETIDO IGUALMENTE AO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA LEI 9/2006, E TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA E INFORMES SECTORIAIS, TODO ISTO DEBIDAMENTE RECOLLIDO NO TEXTO OBXECTO DE PRESENTACIÓN, TRA-LA REVISIÓN E ESTIMACIÓN OU DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓN PRESENTADAS CONFORME AOS ACORDOS ADOPTADOS NO SEO DA COMISIÓN MUNICIPAL DE URBANISMO. ACORDO DA SÚA ELEVACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA POLA XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, DE CONFORMIDADE CO ART. 85, APARTADO 7, LETRA B) DA LEI 9/2002, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA.

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Urbanismo por catro votos a favor correspondentes os representantes do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (1), absténdose o PP (2) e o Sr. Reboredo Baños (1/2) , polo que se ditamina favorablemente e se eleva a Pleno a proposta de acordo ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo.

Antes de proceder ao debate da proposta ditaminada pola Comisión Informativa, por parte do Alcalde-Presidente propónse a introdución dunha emenda do acordo ditaminado nos seguintes termos:

Engadir un apartado segundo nos seguintes termos:

“SEGUNDO.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección medio rural de Galicia, o

presente acordo adóptase no marco resultante dun procedemento de subsanación de deficiencias e introducción das modificacións requiridas pola Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, do 5 de maio de 2006, respecto do texto aprobado provisionalmente polo Pleno municipal do 30 de xaneiro de 2006. Esta aprobación provisional está refrendada pola actuación administrativa en diversos actos :

-Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 5 de maio de 2006, pola que se resolve non outorgar a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada, aprobado provisionalmente polo Pleno municipal o 30 de xaneiro de 2006, onde se indica que o Concello deberá introducir no proxecto as modificacións precisas para subsanar as deficiencias expresadas , para logo de aprobalas e tras os trámites oportunos, remitir novamente o plan para a súa aprobación definitiva.

-Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de servizos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, na cláusula primeira que define o obxecto contractual indícase que: Dentro deste procedemento xa se produciron a aprobación inicial e a aprobación provisional polo Pleno do Concello (Acordos de 16 de agosto de 2004 e 30 de xaneiro de 2006, respectivamente. En consecuencia, o obxecto fundamental do presente contrato é introducir no instrumento de planeamento que fora aprobado provisionalmente o 30 de xaneiro de 2006 as modificacións sinaladas na Orde de 5 de maio de 2006 da Consellería de Política Territorial.

-Acordo do Pleno do Concello de data 17 de setembro de 2009, no que se acorda: Toma de razón do texto corregido e adaptado á Orde da Consellería de Política Territorial do 5 de maio de 2006 do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada para información pública e aprobación do informe de sostibilidade ambiental (ISA).”

Sometida a emenda a votación, resultan doce votos a favor (PSdeG-PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e oito abstencións (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maïssa Rodrigo, Goldar Soteo, Loureiro Méndez, Vicente Vicente) e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que por maioría absoluta acordase a aprobación da emenda do acordo ditaminado pola Comisión Informativa de Urbanismo.

INTERVENCIÓNS:

Sr. López Campos: Sería desexable que 45 meses despois de que vostede ten responsabilidades de goberno neste Concello, nos meta pola porta de atrás un texto deste calibre do que dende logo non temos coñecemento nin retentiva suficiente para quedarnos coa totalidade do acordo que vostede presenta, paréceme que é un cambio de cromos no que é o acordo, paréceme ademais que pode ser unha situación que acredite fehacemente que vostedes non as teñen todas consigo sobre o que están a facer co tema do PXOM, e entenderá vostede que non é moi lóxico que despois de todo o que estamos a facer co PXOM meta vostede unha emenda a última hora para modificar case totalmente un texto que en vez dun texto de incorporación ao PXOM a emenda esta parece un texto do Antigo Testamento, vén vostede aquí a falar dunha serie de temas que dende logo, ao noso entender deberían estar xa suficientemente tratados, a non ser que vostedes etén a modificar conscientemente e nos veñan trasladar que recapacitaron e que posiblemente poida haber determinados defectos de forma na tramitación e agora intenten “*excusatio non petita acusatio manifesta*”, están intentando intentando vostedes excusarse a si mesmos no que é o aspecto da súa propia tramitación do seu propio documento e da súa propia xestión, polo tanto entendemos que se están acusando manifestamente vostedes do que están facendo, a sabendas de que o

están facendo mal e como nós xa dixemos no seu momento cal era a nosa postura, teñen vostedes a maioría suficiente para facer o que consideren oportuno e para facer un lavado de cara que vostedes consideren necesario para tratar de salvar a súa responsabilidade.

Sr. Reboredo Baños: Pois que lle vou dicir eu que non lles dixera xa o Sr. López, efectivamente é que Raquel os que levamos moitos anos aquí sentados nesta tribuna e estivemos aí e agora estamos aquí e estivestes aquí e agora estades aí, quedámonos perplexos cando nos atopamos con situacións como as acontecidas, porque no suposto de que houbera un defecto de forma hai tempo, tiñamos que aguantar de todo e que se nos dixese de todo, e agora é unha actuación normal, correcta, democrática e transparente e evidentemente nós xa levamos denunciado dende hai catro anos a nula participación que se nos deu á oposición neste novo trámite no PXOM, asumímola, sabemos que somos oposición e polo tanto o Goberno é o que ten a capacidade para tomar decisións e polo tanto considera á oposición como a considera. O tema das alegacións xa foi de esperpento, pero diso xa falaremos despois. Pero o que si resulta curioso é que se leva un documento a ditaminar haberá dous meses que se celebrou a última comisión, que en novembro se celebrou unha comisión onde se ditaminou nun sentido e agora a voz alta por parte do Sr. Alcalde preséntasenos unha emenda a ese ditame da comisión dous meses despois, sen unha Xunta de Voceiros, sen enviarnos ese documento por escrito aos correos electrónicos e para apoiála se o consideramos oportuno. Non nos digan vostedes se o procedemento é o correcto, vostedes aceptarán ese procedemento e aplaudiranlle, pero saben que ese é un método incorrecto de desprezo á oposición, e polo tanto obríganos a abstermos, non queremos ser obstáculo pero tampouco queremos ser cómplices de algo no que non se nos dá participación. Señor alcalde vostede ríase, pero é así.

Sr. Alcalde: Creo que me expresei mal, non é exactamente unha emenda é unha adición, pero creo que non é a primeira vez que se introducen emendas neste Pleno por parte do Goberno, da Oposición, é dicir que tampouco hai que preocuparse por esta cuestión. Nós consideramos que introducindo esa emenda clarificamos o acordo que hoxe imos tomar para que quede absolutamente claro cal é a posición de cada un neste Pleno e por iso consideramos que debemos introducir esa modificación, non só de cara á opinión que poida ter cada grupo con respecto a esta cuestión, senón de cara a futuras xestións diante da Consellería de Política Territorial, polo tanto a emenda introdúcese para clarificar as posicións e nese sentido pois nós consideramos que debería ser tida en conta e así o imos facer.

Sr. Reboredo Baños: Non consideramos o contido da emenda en absoluto, senón que cremos que é unha falta de elegancia política por parte súa que é quen dirixe este Goberno de non ter feito chegar esa emenda en tempo e forma para analizala polo menos no día de hoxe. É importante e vostede sábeo.

Sr. Alcalde: Non imos entrar a debater esa cuestión, pero vostede acusa de cousas aos demais, que se veñen repetindo neste Pleno dende hai máis de 20 anos que levo eu aquí, entón non nos acuse de historias que parece que somos nós os que vimos prohibindo a democracia na Estrada, non home non, nós fomos dos impulsores da democracia na Estrada non os que a estamos coartando. Vostede non que é moi xove para saber iso.

Sr. López Campos: Quero a palabra para dicir que introducen, polo que podo ler, creo que o que comentaba o compañeiro Reboredo, fállanlle as formas como sempre, vostede ten un grave defecto de forma e acredítao cada día e toman vostedes determinadas decisións que non son o habitual. Entenderá vostede que isto non é o habitual, que se produza un cambio a última hora deste volume nun documento que xa está negociado, ditaminado, transaccionado, consensuado como din vostedes que non é verdade pero ben, debatido, pasado pola propia caverna do

partido para darlle o retoque definitivo e o seu condimento necesario pero este feito creo que é tremendamente esclarecedor da situación na que se atopan vostedes, que están intentando como levan bastante tempo intentando poñer a venda antes da ferida e aquí están aplicando o remedio como de que se algún día temos a ferida imos deixar a venda colocada non vaia ser que despois nos pase algo, o que está claro é que unha raia máis ao tigre non se lle vai notar, vostedes incorporáranlle ao PXOM unha raia máis que engaden vostedes pero eu quéroilles facer un recordante, pois isto de vir coa documentación ás veces ten as súas cousas boas, e vostede fai referencia nesta emenda que introducen a última hora, como sempre fan vostedes, as verdades a medias que son mentira e media e a vostedes gústanlles moito este tipo de xogos e por exemplo gústalles autoxustificarse e esta é a clara mostra de que vostedes son coñecedores da situación na que están metendo o PXOM e polo tanto este é un documento de autoxustificación e autoinculpación, porque miren vostedes cando falan do prego de cláusulas administrativas que foi o primeiro que me caíu á vista, falan vostedes do prego de cláusulas administrativas e do contrato. Eu teño aquí o contrato e o prego de cláusulas administrativas igual que teñen vostedes e saben que vostedes fan unha lectura tremendamente parcial e sesgada deste contrato e vou proceder a dar lectura do punto número un do contrato polo que vostedes adxudicaron a Visier Arquitectos a redacción do PXOM e di adaptar e corrixir o documento do PXOM aprobado inicialmente polo Concello en sesión do 30.01.2006 que non outorgou a aprobación definitiva de dito documento así como o informe de sustentabilidade ambiental de acordo co documento de referencia emitido pola Consellería de Medio Ambiente de conformidade co art. 8 da Lei 2006 co gallo de continuar co ítem aprobatorio do PXOM comezando polo novo trámite de exposición pública e a petición de novos informes sectoriais, perfecto, a audiencia a municipios limítrofes, perfecto, implicar aquelas correccións e modificacións substanciais na esfera urbanística simultaneamente co evacuado e informacións públicas do ISA para con posterioridade seguir cos preceptivos trámites co que na súa consecuencia, salvo que o indicase a mencionada Consellería, aspecto moi importante o que pon no prego non procederá repetir as fases A a D, que son información urbanística, diagnóstico, avance, documento para informe previo e documento para aprobación inicial A a D, perfecto que se desglosarán en apartados posteriores que os acabo de ler, dado que sinalada tramitación inicial que se realizará terá lugar unha segunda aprobación provisional municipal previa a remisión da documentación a dita consellería, ese texto sacado textualmente do prego de cláusulas administrativas do contrato con Visier, vostedes poñen a primeira parte, esquecen recoller a totalidade do acordo e do obxecto do contrato que asinaron vostedes con Visier e recoñeceron tacitamente neste contrato e ademais así o pon en máis dunha ocasión punto E: Documento para aprobación provisional. De acordo coas instrucións indicadas pola administración, calquera que fose o actuante ou o tipo de actuación introducirá no PXOM os cambios ou alegacións.

Sr. Alcalde: Sr. López, pode aforrar a lectura porque o coñecemos todos.

Sr. López Campos: Non todos non. Consulta de informes sectoriais para que unha vez informado sexa elevado ao Concello Pleno para a súa aprobación provisional con carácter previo á súa elevación á Consellería procedente. Este é o texto que conforma a parte resolutiva do prego de cláusulas que asinaron vostedes co equipo redactor e polo tanto están vostedes introducindo un factor determinante, poñen só a parte que lles interesa pero que vostedes recoñecen os trámites que ten que seguir o PXOM e que os están incumprindo e facendo incumprir ao equipo redactor o resto do contrato e saben vostedes que o equipo redactor tiña a obriga de adaptar o PXOM á lexislación vixente no momento actual, e pono especificamente e que o están saltando e que falaremos del.

Sr. Alcalde: Exactamente falaremos del despois, non imos entrar agora nese debate, pero dende logo nós non temos constancia de ningún informe dos

avogados do Concello dos asesores xurídicos, Secretaría nin asesor xurídico de urbanismo no sentido que vostede di, eu non sei que estudos ten vostedes de dereito pero de momento voulle facer máis caso ao que din os asesores do Concello e ás súas opinións, polo tanto imos pasar a votar a emenda.

Sometido o contido da emenda a votación, resultan doce votos a favor (PSdeG-PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Luoza Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e oito abstencións (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maïssa Rodrigo, Goldar Soto, Loureiro Méndez, Vicente Vicente) e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que por maioría absoluta adóptanse os seguintes acordos:

Seguidamente pásase a debater a inclusión do contido da emenda no ditame que se vai tratar por parte do Pleno.

INTERVENCIONS:

Sra. Aguiar Lale do PSdeG –PSOE: Boa noite, en primeiro lugar quería poñer de manifesto que a asistencia masiva de público a esta sesión plenaria que nos debe facer tomar boa nota da vital transcendencia que ten o Pleno que hoxe celebramos. Ditaminada polo tanto na Comisión de Urbanismo do pasado 25 de novembro coa emenda que agora se acaba de engadir o único que se fai é corroborar o trámite procedemental preceptivo e así ordenado na Lei e este emenda o único que vén é facer un resumo das cuestións básicas nas que o criterio tanto do equipo redactor do seu Servizo Xurídico como dos técnicos municipais como da propia Secretaría concorren no presente documento do PXOM así hai que dicir que o punto de partida do documento que hoxe se trae para a súa toma de razón, non para a súa aprobación provisional, porque vou ser reiterativa pero xa a temos acadada o 30 de xaneiro de 2006, o documento que se trae para a súa tomar de razón ten como punto de partida a Orde da Consellería do 5 de maio de 2006, a que se fai referencia nesta emenda que leu o Sr. Alcalde hai un momento. Entón nesa orde o que se fixo foi non outorgar a aprobación definitiva, polo tanto considerando o documento como así reitera o informe do TAX e que o documento en si era válido, simplemente que ordenaba facer unha serie de correccións unhas deficiencias que se observaban no documento de sensible máis que sensible transcendencia que obrigaron a este Grupo de Goberno a introducilas. Tras a elaboración tal e como di a Orde da Consellería, o que se dicía era que para logo de aprobalas que é o trámite que estamos aquí agora, que se remitise para a súa aprobación definitiva á Consellería. O documento que forma parte deste punto do Pleno recolle todas e cada unha das directrices que se marcan nesa Orde da Consellería e foi froito ademais das negociacións cos distintos veciños e sectores afectados, foi tamén froito de reunións que se mantiveron ao longo de toda a tramitación coa propia Consellería, tanto cos responsables técnicos como políticos da Consellería. Unha vez corrixidas estas deficiencias o documento seguiu o seu ítem procedemental, seguiu a información pública e tamén o trámite de avaliación ambiental para que tivese todas as garantías xurídicas, foi sometido así en trámite de exposición pública aproveitando simultaneáronse os dous procedementos. Neste proceso de resolución das alegacións presentadas polos nosos veciños entra en vigor a tan manida Lei 2/2010, nesta Lei 2/2010 establécense unha serie de disposicións transitorias para todos aqueles plans que se atopan en tramitación como é o caso do noso documento, concretamente esta cuestión especifícase na Disposición transitoria primeira. Pois ben a discusión que levamos arrastrando durante estes meses é determinar cal é a situación na que se atopaba o documento do noso PXOM e polo tanto os pasos a seguir con referencia ao que di esa Disposición transitoria primeira, nesa disposición no apartado primeiro dise que para os plans que contan con aprobación provisional que se deben seguir os trámites da Lei 9/2002 e no apartado segundo di que os plans que tan só teñan aprobación inicial que deben adaptarse á lei do 2010. O camiño a seguir foi moi

claro para este Goberno, asesorado como dicía o Alcalde tanto polos técnicos municipais como polos propios técnicos do equipo redactor que o camiño a seguir, tendo claro que a aprobación provisional está alcanzada polo documento, era seguir coa tramitación de acordo á Lei 9/2002 e non necesariamente adaptarse á 2/2010 ata que haxa unha aprobación definitiva e a posteriori. Porque falo de que exista esta aprobación provisional, non porque o digamos nós ou o Grupo de Goberno de forma caprichosa, senón porque hai unha aprobación inicial que figura no expediente do documento, é dicir que non é nada que esteamos inventando, hai unha aprobación inicial de data 16.08.2004, hai unha posterior aprobación provisional que foi sometida a acordo plenario que foi cando vostedes os que están na oposición eran goberno e polo tanto mellor ca min deben ter ese dato, que é do 30 de xaneiro de 2006 chega ver o expediente que é un feito totalmente obxectivo que se alcanzou esa aprobación provisional. A propia orde que non outorgou a aprobación definitiva fai tamén referencia a esta aprobación provisional do 2006, así mesmo esta Consellería tanto na súa páxina web cando fala do estado de tramitación dos plans xerais fai referencia ao estado de tramitación do PXOM da Estrada e di plan aprobado provisionalmente, contratación de novo equipo redactor iso tampouco non é un documento manipulable, pois tampouco é que nós poidamos meter imos poñer que hai unha información manipulable que poidamos poñer que hai unha aprobación provisional cando non a hai. Tamén lle quero recordar porque isto lle tocará máis de preto cando tivo as súas competencias na lexislatura anterior e agora tamén no seu posto Sr. López con respecto ao expediente da Cidade do Moble, este expediente que de acordo que ten o carácter de supramunicipal, pero cado foi sometido á avaliación ambiental, temos aquí tamén o expediente que non sei se o consultaron, pero está aquí á súa disposición, neste trámite fálase por un lado da necesidade imperiosa de que se aprobe o PXOM para que se aprobe a Cidade do Moble que doutro xeito non parece que sexa posible e ademais diso fala tamén de todo o *íter* procedemental do documento e novamente fai múltiples referencias á aprobación provisional do documento do PXOM. Así mesmo hai un certificado da propia Secrearía que me consta que vostedes teñen coñecemento no que se ratifica nun informe do TAX, nese momento tamén secretario en funcións no que pon de manifesto tamén a existencia desa mesma aprobación provisional, sei que estou sendo un pouco recorrente pero son moitos os datos que nos poñen de manifesto que existe esa aprobación provisional e por último citar un informe do propio equipo redactor requirido polo Alcalde concluíndo tamén a existencia da aprobación provisional e así mesmo avalando a correcta tramitación de todo o documento en todas as súas fases, tanto o informe de Secretaría como do TAX no seu momento, estes informes obran nos expedientes debidamente para a súa consulta e supoño que teñen constancia de todos eles. Non cabe dicir outra cousa que o Goberno ata o momento sempre estivo asesorado tanto polos técnicos municipais como polo equipo redactor que nós de forma caprichosa non adoptamos a decisión de ir cara un camiño suicida como tanto vostedes nos acusan senón que o fixemos perfectamente avalados por unha fundamentación xurídica e técnica que así nos aconsellaba que era o mellor para o noso documento e polo tanto o mellor para os nosos veciños, pero de repente xorde o primeiro escollo, chegados ao trámite de elaboración do informe ambiental, por parte do órgano correspondente na Consellería atopámonos cun radical e totalmente arbitrario cambio de comportamento curiosamente, negándose á súa emisión por considerar que o PXOM da Estrada non tiña aprobación provisional e polo tanto ese non era o camiño e sendo un órgano manifestamente incompetente emite unha resolución dicindo que se negan a emitir esa memoria ambiental posto que temos que necesariamente adaptarnos á determinación da Lei 2/2010, como digo órgano incompetente do que o único que ten que resolver é sobre a proposta da memoria ambiental e determinar se a proposta que o equipo redactor lle remite contén algún tipo de deficiencia ou hai que facer algunha modificación ou o que sexa, entón como iso parece que lles cae ben que por aí non lles coa, nós remitimos novamente o documento a ver se reconsideran a súa postura e de repente sorpresa, sacan outra historia nova e fan referencia a un documento que remite o entón compañeiro de Corporación o Sr. Reboledo dicíndonos novamente que temos que nos adaptar

á Lei 2/2010 posto que estamos iniciando un novo Plan Xeral despois de non sei cantos anos. Aquí teño que dicir que sen que sirva de precedente vou estar de acordo co Sr. Reboredo, posto que é falso que nin sequera o documento que remitiu no seu momento di que se estea ante un novo PXOM, é dicir que novamente vemos que é un despropósito por todas partes e o Goberno o que fai é que se entrou nunha cuestións longamente debatida cun informe que a oposición lle requiriu á secretaria municipal para se había silencio administrativo, se non había nós non estamos valorando se hai silencio administrativo se non o hai, o único que facemos reproducir o teor literal da Lei no art. 85.4 da Lei 9/2006 que di que no caso de que non se emita por órgano competente a memoria ambiental no prazo de 2 meses entenderase como válida a proposta polo equipo redactor, ese é o punto no que estamos, non estamos facendo nada que non estea na lei perfectamente contemplado e en todo caso as instancias superiores no seu momento serán as que teñan que pronunciarse sobre estas cuestións ou non que para nós repito, están perfectamente abaladas xuridicamente. O que vemos moi claro é que o PP no Goberno Autonómico coa connivencia do partido na oposición aquí do PP e dos non adscritos intentan agora inventar de calquera xeito que non sexa posible que non temos unha aprobación provisional que estamos ante un novo documento, de repente que a aprobación provisional que teñen un criterio interno que debe existir nunha circular que ese si debe estar nalgunha caverna, pois de repente que a aprobación provisional se considera que non é válida porque o documento non se someteu ao procedemento de avaliación ambiental, por favor creo que todos temos a lei do 2010, onde pon iso na lei? Onde diferenza aprobación provisionais válidas son as que tal e cal ou aprobacións provisionais válidas son as que tal e cal, en ningún sitio, co cal é unha interpretación que alguén decidiu facer e sorprendentemente esta interpretación o PP na Xunta aplícaa para uns concellos que lles interesa pero para outros as aplicacións provisionais no mesmo caso da Estrada aí si son válidas e chégase á aprobación definitiva, a verdade é que non queremos ser sospeitosos, a verdade é que non queremos ser mal pensados pero a verdade é que aquí pasa algo raro. Como vén sendo costume polo que levamos observados nestes case, vostede Sr. López dixo calramente 45 e logo 46 meses, eu non teño moi claro o tempo que levamos pero en todo caso en maio creo que fai 4 anos, pois durante este tempo vostedes veñen mesturando churras con merinas como tantas veces emprega o meu compañeiro Espiño e fálannos de que vostedes apoian este criterio da Consellería e básanse tamén, que vostede o mencionou na intervención con respecto da emenda que é o prego de cláusulas administrativas do contrato de servizos adxudicado a Visier Arquitectos, vostede leu que o escoitei perfectamente, ese prego de cláusulas que facía referencia a que o obxecto do contrato era facer as correccións dentro dun documento no que xa se produciran aprobación inicial e aprobación provisional polo tanto a contratación era para introducir as modificacións e dicía que salvo que a Consellería así indicase unha nova aprobación provisional penso que lle entendín perfectamente pero se hai algunha cousa despois ma comentará. A Consellería non indicou en ningún momento que esta cuestión houbera que sometela á aprobación provisional, ao contrario na lei non fala de que poida haber unha segunda aprobación provisional, fala de que como di a propia Orde que de momento que nós saibamos, aínda que vostedes ao mellor teñen información privilexiada, pois esa Orde non foi revogada, polo tanto é unha Orde firme e vixente e o punto de referencia para o noso documento e aí o único que di é aprobar esas modificacións que é o que se está facendo aquí en Pleno, tomar razón das correccións, sometelas a todos os trámites oportunos, evidentemente nós non podíamos someter a unha avaliación ambiental no momento no que vostedes aprobaron provisionalmente o documento posto que era unha lei que non estaba en vigor naquel momento, é dicir que dificilmente, polo tanto non cabe esa segunda aprobación provisional, o que estamos a facer é tomar razón dese documento con todas as razóns que eu indiquei. Vemos e ademais lles lembro que cando se pediu a subvención por parte do Concello para adxudicar os traballos a Visier Arquitectos, a Consellería nada dixo no seu momento, tivemos varias reunións nas que precisamente a nosa pelexa foi para conseguir unha cantidade importante para que as correccións que impoñía a Orde non eran valadís,

outros concellos aos que se lles negou o PXOM resolvéronse cun par de páxinas denegando pero bueno todos coñecemos a Orde nosa que si tiña correccións de transcendencia a todos os niveis, entón cando se tramitou esta subvención como digo entendiamos un montante considerablemente importante pois a efectos prácticos si consideraba unha redacción ex-novo de todo o documento e coa Consellería acoutouse perfectamente o trámite procedemental do noso documento apra facelo coincidir exactamente coa nosa subvención e para que tivesemos exactamente esa cantidade importante que así se nos concedeu. Tecnicamente non lles escoitei en ningún momento nada sobre o documento, o único que vimos observando é unha discusión política que xa está moi manida, o documento resposta como digo a todas e cada unha das directrices das modificacións que nos impuxo a Consellería a través desa Orde e tamén vén respostando aos contidos e aos fins que para estas figuras de planeamento se establecen na lei do solo dando como resultado o documento que hoxe traemos aquí para acordo plenario despois dos debidos ditames, e hoxe tomaremos razón del para remitilo á Consellería para a aprobación definitiva, e tendo en conta ademais que é un documento que non carece de ningún documento preceptivo posto que xa ten incluída a memoria ambiental. Nin que dicir ten a transcendencia e relevancia que ten o PXOM para o noso Concello, está fóra de toda dúbida e respecto Sr. López gustárame dicirlle que vostede vén anunciando que o noso PXOM que conta cun certificado de defunción, pois evidentemente hai unha defunción para o noso Concello se non se aproba o PXOM, hoxe pola mañá nós almorzamos cunha das frases tan poéticas e ilustrativas que a vostede lle encantan, e vemos ademais que vostede e o seu compañeiro ou lla copiou ou era del, dicindo que vostedes non ían ser nin cómplices nin obstáculo para que o PXOM se aprobase, para min só me queda dicirles unha cousa a uns e a outros que son os mesmos que sexan por favor vostedes coherentes, levan anunciando durante semanas que estamos ante un suicidio colectivo, ante unha presunta prevaricación do Alcalde se traemos este documento a Pleno, pois veñen tamén denunciando pelletazos urbanísticos, discrecionalidades, todo tipo de aberracións, non entendemos como non votan vostedes en contra, sería o máis coherente que votasen en contra dun documento que vostedes consideran de todo punto, pois algo tremendo a nosa xesión pouco menos que teriamos que ir ao corredor da morte, voten entón en contra ante todas esas cuestións que vostedes pensan. Nós non estamos poñendo a venda antes das feridas, nós temos moi claro cal é o criterio da Consellería porque nolo vén anunciando, e adiantarlles que imos utilizar todos os medios e todas as armas que estean ao noso alcance para defender esa aprobación definitiva, non nos vendan vostedes ese favor, a nós non nolos venden pero por favor non enganen aos veciños de que se van abster para non obstaculizar, miren nós non necesitamos que vostedes se absteñan porque o que está claro que poden votar en contra porque non necesitamos o seu apoio, temos moi claro e os veciños teñen moi claro que grupos queren loitar por unha aprobación definitiva e que grupos non queren. Encántame a súa cara alegre, e vexo que é moi optimista e ao mellor pois debería amosar unha preocupación ante unha situación que vostedes mesmos veñen obstaculizando dende hai varios meses, con todo tipo de actividades dilatorias, pedindo comisións por pedir, unha serie de cuestións todo co afán de dilatar o procedemento e de impedir que saia deste Concello e xa lles repito, o documento vai saír de aquí coa maioría suficiente dos grupos do PSdeG e do BNG que foron os que en todo momento mostraron vontade de que o documento fose aprobado, é máis, no seu momento asinouse un pacto, poñendo de manifesto a importancia que tiña para os dous grupos se aprobase e se lograse a aprobación definitiva. Evidentemente, tivemos retrasos, máis dos desexados e atrasos burocráticos considerables que nos impediron a posibilidade de traelo aquí moito tempo antes, pero gustárame deixar no aire unha pregunta que os veciños seguramente teñen a resposta, que lexitimidade Sr. López e Sr. Reboredo teñen vostedes para falar de retrasos despois de máis de 16 anos gobernando con maiorías absolutas e tramitando con distintos equipos redactores documentos de plans xeral que lexitimidade, respóstenme vostedes se o retraso que agora poidamos levar que está plenamente fundamentado e motivado ten algo que ver cos 16 anos de

vostedes de maiorías na Estrada e incluso maiorías na Consellería durante moitísimos anos. Nós temos moi claro que necesitamos desatracar dunha vez por todas o caos urbanístico que temos no noso Concello que nos pon moitísimas trabas para desenvolver o día a día e darlles aos nosos veciños aquelas cuestións que son de vital importancia para eles, non podemos crear solo empresarial, non podemos crear espazos dotacionais, aparcamentos, zonas verdes, creo que está fóra de toda dúbida a importancia deste documento e de contar con el, nin sequera podemos desenvolver a Cidade do Mobile por estar nesta situación do PXOM, necesitamos xa para crear emprego e para medrar porque necesitamos que cando esta crise remate estar aí nese punto de saída para desenvolver esta situación. Se o Sr. Alcalde mo permite, quero facer miñas unhas palabras súas de hai uns días no sentido de que isto non debe ser unha guerra López – Dono nin oposición – Goberno, vostedes lévano pretendendo dende hai moito tempo, pero deberían ter claro que os únicos e verdadeiros prexudicados de toda esta guerra son os nosos veciños, é o noso Concello polo tanto creo que son máis que horas de que se deixen os intereses partidistas e electorais a un lado e que se traballe por conseguir este documento para este Concello; as eleccións van ser o próximo 22 de maio entón a min gustaríame que todos fosemos responsables, xa vexo que é pedir moito, está claro como xa nolo levan demostrando durante estes meses e pedir que se deixase de pensar en clave electoral e se pensase por unha vez en clave cidadá para que os nosos veciños poidan ter todas aquelas cuestións que necesitan. Esta responsabilidade creo que os debemos ter os representantes políticos tanto cos votantes duns coma os doutros, é dicir á parte da ideoloxía de todos os votantes deberíamos dunha vez por todas tirar adiante con este documento, e ademais Sr. López da influencia da que tanto vostede lle gusta presumir, pedímoslle, esta vez si que lle pedimos que faga o posible por intermediar perante a Consellería para que quiten a venda dunha vez e deixen de ser inxustos co noso Concello xa non só no tema do PXOM senón que en moitos outros, pero o tema que nos ocupa agora é o tema do PXOM, Por parte do Goberno está moi claro que queremos xa ter un documento de PXOM canto ante, máis pronto que tarde e pódolles asegurar que non imos escatimar esforzos nin imos escatimar todos os medios que teñamos ao noso alcance para defender o documento ata onde sexa necesario. Creo que seguir falando de que no seu momento uns grupos votaron a favor e outros en contra, agora non é o momento, hai un dito moi coñecido que para atrás non se debe mirar nin para coller impulso. Estamos aquí nunha Corporación Municipal nova e no ano 2011 despois de case 31 anos sen documento de PXOM 31 anos que non son 31 días. 31 anos nos que vostedes tiveron competencias absolutas. Está claro que A Estrada necesita xa un PXOM que nos permita dunha vez por todas despegar, ter unha orde urbanística clara, e ademais pensamos e estamos totalmente convencidos de que os nosos veciños necesitan unha Corporación Municipal, uns políticos que respondamos ás súas expectativas, nós o Grupo de Goberno demostrámoslles unha vez máis como xa levamos demostrando durante estes anos que estamos á altura das súas expectativas, e imos demostralo hoxe votando a favor do PXOM, vostedes aguantarán da súa vela cando os veciños lles pasen factura. Nada máis e moitas grazas.

Sr. López Campos, do PP: Que paradoxos ten a vida verdade?. Prodúcese feitos que un seguramente nunca pensaría que se ían producir e pasado o tempo como di vostede que non lle dou pillado o paso se miramos para atrás ou non miramos, se falamos de futuro ou de hai 30 anos, se recordamos o pasado só cando nos interesa ou se non nos interesa que nos recorden o noso, unha estratexia bastante habitual e bastante pouco oportuna, pero os paradoxos da vida. Saben vostedes, é un detalle sen maior importancia pero sen embargo eu creo que esceni+fica perfectamente a situación de completa incompreensión de como estamos e en que situación está o PXOM. Vostedes están recoñecendo de que están aprobando unhas modificacións sobre un documento aos que vostedes votaron en contra, fíxense que paradoxos ten a vida, vostedes votaron en contra do PXOM no ano 2006, o mesmo PXOM que dan por feito a súa aprobación co seu voto en contra os seus e máis os seus, ese é o mesmo documento que agora están defendendo e

están intentando que non botemos a ollada atrás, e eu quero lembrarles unha cousa, ás veces hai que recordar o pasado. Sr. Espiño vostede non fale porque sabe perfectamente como foi ese proceso, sabe vostede como foi aquel proceso e sabe vostede.

Sr. Alcalde: Sr. López non lle quite vostede a palabra a ningún membro da Corporación, imaxínese cando sexa Alcalde, se llo quita agora na oposición.

Sr. López Campos, do PP: Xa vexo que me siguen presupoñendo moitos méritos, o que me alegra moito que dea por feito o tema da próxima alcaldía, e o tema vai por bo camiño. Agradézollo moito, e estou convencido que así será e agradézolle tamén o seu comentario. De todos os xeitos como dixen antes Sr. Espiño, non creo que vostede sexa a persoa máis apropiada para falar sobre estratexias de PXOM e sabe vostede porque llo digo, e sabe vostede que foi o que pasou para que lle obrigasen a cambiar o seu sentido do voto dunha abstención a un voto en contra o mesmo día do Pleno o mesmo plan que vostedes din que están traballando sobre el e a mesma aprobación provisional que é a vostedes o único suspiro de vida que lles queda para intentar continuar con esta gran mentira, é paradóxico, pero a vida é así e polo tanto as cousas hai que tomalas desta maneira. Creo que hai un detalle que a Sra. concelleira de Urbanismo e ao Sr. Alcalde se lles esquece, pero non o fan por casualidade, esquécelles de forma intencionada. Cando fala vostede de múltiples informes, estratexias, decisións de pasos firmes, cando fala de todo iso esquece a proposta que vostede someteu a Xunta de Goberno Local o día 15 de setembro de 2008 onde fixo votar a todos os seus compañeiros de Corporación que forman parte da Xunta de Goberno Local onde lles dixo cales eran os pasos a dar na tramitación do PXOM. Ese informe que vostede presenta á Xunta de Goberno Local e que votan todos os membros pertencentes a esa Xunta de Goberno do PSdeG e do BNG di textualmente: *“Así pois, o Concello non ten que comezar un proceso de elaboración de planeamento de novo – aí coincido con vostede-, senón que deberá introducir as importantes modificacións establecidas na Orde de 5 de maio de 2006 para (despois de realizada a información pública oportuna) proceder a unha nova aprobación provisional coa que acadar finalmente a aprobación definitiva da Xunta de Galicia.*

Isto non o fixo o PP, non o fixo López Campos, o culpable de todos os seus males, isto fíxoo Irene Aguiar, concelleira de Urbanismo que levou esta proposta á Xunta de Goberno Local e que a ratificaron todos os membros desa Xunta de Goberno Local, dando por válidos os pasos a seguir para aprobación do PXOM, isto é vostede non é o PP, vostede recoñeceu sempre en público e en privado que o PXOM había que aprobalo provisionalmente coa entrada en vigor da normativa medioambiental, en público en privado e por escrito, se lla fai falta algún dato máis por escrito tamén. Cal é o problema?, onde se produciu o cambio de criterio deste Goberno, nun tema que sempre se lle advertiu por parte do PP a entrada en vigor da Lei do solo 2/2010 en abril do ano 2010, ese é o punto de inflexión non da Xunta de Galicia, deste Goberno Municipal e a estratexia muda radicalmente a partires dese momento. Quérolle recordar tamén, non o dixo o PP, declaracións aos medios de comunicación despois daquela famosa entrevista que tiveron coa secretaria xeral de urbanismo, isto non o di o PP, e vou transcribir literalmente o que di: “O executivo local trasladou que dende o citado departamento autonómico informouse que a proposta de planeamento urbanístico da Estrada terá que ser revisada para adaptarse á recente reforma da Lei do solo. Dende a Administración Local indícase que a posición da Secretaría Xeral foi tallante, a Xunta non aprobará o Plan se está adaptado á nova lei, palabras textuais da Administración Local, ao caso léase PSOE en referencia ás posibles modificacións que habería que executar no PXOM para poder adaptalo á lexislación vixente, indícase que as modificacións serían de carácter puntual e centraríanse principalmente no ámbito rural do municipio, as primeiras estimacións efectuadas polo equipo redactor, apuntan a un período de entre 2 e 4 meses para realizar esta adaptación suxestionada pola Consellería. Por outro lado fontes municipais manifestan que o obxectivo de aprobar o documento urbanístico ten que estar nestes momentos por riba de calquera outra consideración

– paréceme perfecto – e tamén se declara consciente de que existe un criterio decidido claramente pola Xunta de Galicia e que esa decisión vai resultar inamovible, como manifestou a secretaria xeral hoxe entre comiñas por onte. Nestas circunstancias o executivo recoñece que modificaro o PXOM para adaptalo á nova lei esixe investir uns poucos meses de traballo para conseguilo, pero deste xeito iría dotado dunha maior seguridade xurídica. Estas non son palabras do PP señora Aguiar Lale, estas son palabras do executivo local, palabras do Sr. Alcalde e da concelleira de urbanismo, non son palabras do PP. Vostedes tomaron o acordo o obxecto do contrato, que se vostedes queren vólvolles ler outra vez, no prego de cláusulas administrativas, vostedes puxéronlle no contrato ao equipo redactor os trámites a seguir cunha nova aprobación provisional, vostedes acordaron en Xunta de Goberno Local os trámites a seguir e unha nova aprobación provisional, vostedes recoñeceron despois da reunión coa Secretaría Xeral de Urbanismo que por seguridade xurídica e tendo en conta as recomendacións da Secretaría Xeral o máis conveniente era adaptalo á lei e ter en conta os intereses xerais. Fixérono vostedes non o fixo o PP, vostedes gobernan dende hai 4 anos, prometeron a aprobación do PXOM en seis meses, vostedes non o PP. Aquí houbo alguén quen nunha campaña electoral dixo e trouxo ao presidente, aquel presidente Touriño e dixo se este señor é alcalde A Estrada contará con PXOM en seis meses, iso non o dixo o PP, vostedes asinaron un acordo con BNG onde a base dese acordo era que había que aprobar o PXOM non máis alá do prazo de un ano, isto fixérono vostedes, non o PP. Agora que está claro que o culpable de todos os males somos nós porque somos os que destapamos as súas propias miserias e iso entendo que iso non gusta, e dígoo aquí e xa o dixen nos medios de comunicación, é rotunda e radicalmente falso, e é un argumento bastante pobre á hora de dicir que a Consellería aplica distintos raseiros con distintos concellos, é falso. Mire vostede, sabe vostede onde deu un paso que posiblemente non o tiña que ter dado e algún día terá que explicar porque o fixo?. Sabe vostedes porque o fixo?, sabe vostede que significa este documento asinado por vostede? O día 21 de abril de 2008 onde polo presente solicítase o arquivo do expediente de exención de sometemento á valoración ambiental estratéxica do PXOM da Estrada que se está a tramitar nese organismo xa que unha vez valoradas as diferentes posibilidades, este Concello entende que por seguridade xurídica resulta desexable a súa tramitación. Este documento está asinado por vostede, rexeitando a exención no trámite ambiental, cousa que o Concello de Lugo por exemplo non fixo e está exento do trámite ambiental e iso é unha responsabilidade súa, asinada o 21 de abril de 2008 e ratificada por un goberno bipartito do PSOE e do BNG e vostede anulou esta posibilidade de exención, e vostede díxonos a nós no ano 2007 que seguirían loitando pola exención medioambiental e perdeu un ano dende maio de 2007 a abril de 2008 intentando conseguir un documento que finalmente tivo que refugar, pero é que vostedes tamén dixeron en xuño de 2007 que cambiar o equipo redactor era un suicidio para o PXOM que era imposible, inviable que non se podía facer porque se retrasaría o trámite do PXOM e vostedes toman a decisión un ano e tres meses despois de cambiar o equipo redactor. Quen é o que dá bandazos na tramitación do PXOM?. Quen foi o que estivo sen ningún tipo de vontade política para sacar este tema adiante?. Foron vostedes e agora están ao borde do precipicio e pretenden responsabilizar a terceiros dunha xestión que é única e exclusivamente súa, pois aos demais non lles deron participación sequera nesa falsa e irreal democracia que dicía o Sr. Dono que defendeu nos seus anos mozos, pois nin nesa falsa democracia que intentan aparentar son vostedes capaces de xustificar esta gran mentira. Descoñece vostede tamén algún aspecto que falta á verdade, por exemplo nunha parte fundamental no que di vostede que a Cidade do Moble está bloqueada e vostede como concelleira de urbanismo debería saber que vostedes os socialistas votaron en contra do desbloqueo de proxectos en Galicia como a Cidade do Moble, e aprobouno o PP na Lei de acompañamento dos Orzamentos do ano 2011, debería sabelo é vostede concelleira de Urbanismo e debería estar ao tanto das resolucións e modificacións que afectan á lexislación urbanística. Sabe vostede que dende que se aprobaron os Orzamentos da Xunta do ano 2011 hai unha Lei de acompañamento que desbloquea aqueles parques

que estean catalogados como proxectos sectoriais e permiten que se poidan construír en zonas cualificadas como Solo Rústico de Especial Protección, debería sabelo Señora Aguiar, e senón dámonos conta das mans nas que está o Urbanismo na Estrada, vostede descoñece a lexislación e non está ao tanto de temas que poidan afectar directamente ao noso Concello, así vai tamén o PXOM, pero a vostedes que lles gustan tanto os informes, eu recórdolles que o secretario no seu momento no seu informe di que o PXOM non se axusta á orde da Consellería, dio textualmente no seu informe que eu se quere, evidentemente non llo vou entregar porque vostede teno, o secretario municipal di que o PXOM adaptado non se corrixe en determinados aspectos que son claramente destacados na Orde da Consellería de 2006, e faise caso omiso, casos como o que o PP denunciou como o tema da rúa Antón Losada, da rúa 25 de xullo e dos solos urbanos consolidados, e dio textualmente e fai referencia a eles tamén o informe de Secretaría, diso non din nada pero é mentira e radicalmente falso que o PXOM se axuste estritamente á Orde emitida pola Consellería. Tamén pretenden vostedes con esta decisión facer algo bastante delicado, vostedes pagaron dúas veces polo mesmo traballo a dous equipos redactores distintos, vostedes pagóuselle por un traballo ao equipo anterior e sobre o mesmo traballo que non están vostedes facendo un plan distinto, contratóuselle por case setenta millóns de pesetas ao equipo redactor actual. E que lles están permitindo facer? Un tema que eu creo que ten a súa gravidade que é que cunha lei en vigor dende o ano 2010 estallan permitindo que aprobe un documento conforme a unha lei que xa non está en vigor intentando embolsarse os setenta millóns de pesetas e despois xa pagaremos outros setenta millóns para que outro equipo ou o mesmo faga o traballo que tiñan que ter feito eles, esa é a xestión e a dramática situación que están vostedes poñendo enriba da mesa. Está claro que pagar dúas veces o mesmo plan é o mesmo que pagalo tres, xa o vimos na súa brillante xestión do Plan E, a importancia e xestión que teñen vostedes dos cartos públicos e con vostedes si que o urbanismo é un negocio, pero un negocio para catro nas súas mans, e ese é o gran problema que hai detrás de todo isto, eu dende logo como dixen xa en reiteradas ocasións, para nós é moi importante, transcendental a aprobación dun documento do PXOM , eu creo que na estratexia levada a cabo do PSOE de arriconar, ter no rincón do ring as demais forzas políticas sen darlle a oportunidade de participar no documento, foi unha estratexia xa iniciada no principio deste mandato e a verdade é que xa sabemos cal ía ser o final de todo isto, o que non foron capaces de facer en 45 meses pretenden facelo vostedes nos últimos tres, pero hai unha pregunta que é substancial os romanos sempre facían esta pregunta para desvelar algunhas das dúbidas que puidesen ter “¿Qui prodest?” a que beneficia este PXOM? Aos veciños do rural non os beneficia, non é que o diga López Campos, non é que o diga o que quere o peor para todos os veciños da Estrada. Quen o dí? O Alcalde da Estrada dio publicamente, recoñeceu publicamente en dúas entrevistas e en dúas declaracións feitas esta semana, sabemos que o máximo que podemos aspirar con este plan é que a Xunta de Galicia nos desbloquee o Solo Urbano e algunha zona de desenvolvemento industrial, pero tamén sabemos que o rural quedará bloqueado ata que adaptemos o PXOM á nova lei, esas son declaracións do Alcalde da Estrada, polo tanto a quen beneficia a dous terzos da poboación da Estrada, non quedará completamente bloqueado ata que vostedes fagan o que tiñan que facer agora que é adaptar o PXOM á nova lei, por dous motivos porque é legal e ademais porque é moito máis beneficioso para os veciños do rural, outra das mentiras que se desmonta tamén nesta semana, eu non o digo, palabras textuais do Sr. Alcalde é certo, a nova lei pode beneficiar de maneira decidida aos núcleos no noso rural, póneno os medios de comunicación, chámalle mentiroso entón ás persoas que escribiron esa reportaxe, preocupouse vostede de conseguir dúas páxinas en domingo para intentar xa ir caldeando o ambiente, non teñen desperdicio, vostede que con este plan o rural quedará bloqueado porque a Xunta poderá bloquear o PXOM no rural e que iso si permitirá que no casco urbano se faga algún proxecto e que no Solo Industrial se poidan facer algunhas actuacións e di vostede que esta Lei, por fin o recoñece, é mellor a Lei 2/2010 que a Lei 9/2002, dío vostede e eu creo que os

medios de comunicación están aí para testemuñar o que están dicindo pero ademais falamos de ter unha situación de completo perda de norte por parte do Goberno, no mes de xuño non se pode cambiar o equipo redactor, en outubro de 2008 cámbiase e no 2007 hai que tirar pola exención da valoración ambiental, no 2008 preséntase un escrito para evitar a valoración da exención ambiental, no 2006 votamos en contra do documento do PXOM, votamos en contra PSOE e BNG os únicos partidos da Estrada que votaron en contra dun PXOM e iso ten que quedar moi claro por intereses políticos e persoais do candidato e coa mítica frase de que hai que cargarse este plan aínda que A Estrada estea 15 anos sen PXOM iso foi a realidade e ademais entendo que aplauda moita xente porque aquí hai membros desa executiva socialista que estaban presentes ese día, polo tanto saben perfectamente de que falamos, esa mesma xente queren intentar implicar ao PP nun camiño que non ten retorno, eu xa o dixen antes, tres cousas claras, non imos ser cómplices do maior paripé e da maior chapuza de tramitación no Concello da Estrada, non imos ser cómplices e tampouco imos ser obstáculo para que se continúe coa tramitación do PXOM que vostedes deseñaron, e ademais e ademais non imos ser desculpa tampouco, non queremos ser a desculpa necesaria que ten este Goberno para ser unha vez máis e xa van moitas buscar a xustificación fóra do que non son capaces de facer na casa, a culpa é do PP, esa é a mostra clara da maior incompetencia porque un pode ser incompetente pero pode asumir as súas limitacións, outra cousa é ser incompetente e por riba non querer nin darse conta desa propia incompetencia e mellor nos iría moitas veces se fosemos capaces de recoñecer as nosas propias limitacións. Eu creo que este é un PXOM que está nunha situación complicada, ninguén pode entender como se mentiu descaradamente como se mentiu descaradamente con esa falsa promesa de aprobar o PXOM en seis meses, ninguén pode entender ou todos podíamos entender que seis meses era un farol, que posiblemente se só é, como vostedes din se só é unha modificación do PXOM que aprobou en solitario o PP no 2006, pódese saber que estiveron facendo vostedes durante 4 anos para simplemente modificar un documento que practicamente nas súas liñas estratéxicas estaba deseñado?, que estiveron facendo, rascando a barriga, xa o dixi vostede non fai falta que o diga eu, estiveron a ritmo de samba como dixen antes, pensando que as cousas se arranxaban soas, pero eu creo que hai algún tema que dende logo é digno de resaltar, nós ofrecemos un pacto hai algúns meses, recibimos unha labazada como é habitual no temperamento dalgún político, pero como estamos afeitos xa a ese tipo de actitudes, máis doutros tempos ca dos tempos actuais, fixemos unha serie de recomendacións que nós entendemos que melloraría en definitiva a situación do PXOM e dixemos que era conveniente retomar o acordo e o consenso coa Consellería, e eu fágolle unha pregunta á concelleira de urbanismo, dende que vostede tivo esa reunión, creo recordar para non equivocarme a reunión que mantivo coa Secretaría Xeral de Urbanismo, gustaríame saber cantas reunións mantivo vostede coa Xunta de Galicia ou coa Secretaría Xeral de Urbanismo para intentar consensuar un camiño e unha saída a esta situación. Tamén me gustaría saber outra cousa, como é vostede capaz de dicir exactamente o contrario do que pon un informe, con tanto respecto que lle ten vostede aos informes, fala vostede con toda a tranquilidade e eu creo que con toda a inconsciente do que di, de que a Secretaría Xeral de Avaliación Ambiental é un órgano incompetente, con toda a tranquilidade e con toda a súa pachorra, di que é incompetente, pero eu voulle ler un anaco nada máis, para que vostede vexa o coñecemento que, igual que na Cidade do Mobile, ten vostede dos aspectos procedimentais. Mire, informe municipal, os actos da Secretaría Xeral de Avaliación Medioambiental que en virtude da lexislación nomeada é o órgano competente para a elaboración da memoria ambiental, desarticula a posibilidade de terse cumprido o trámite por silencio administrativo, pero porque non entran vostedes no fondo da cuestión do silencio administrativo é o órgano competente ou incompetente para continuar coa tramitación, un aspecto non menor como di o Sr. Alcalde da Estrada, nós temos un certificado, xa hai que estar desesperados, completamente desesperados para pedirlle á Secretaría Municipal.

Sr. Alcalde: Por favor, silencio.

Sr. López Campos, do PP: Xa hai que estar moi desesperados para pedir que a secretaria informe, que faga un certificado sobre un informe emitido en abril do ano 2010 e presentalo ante a opinión pública como o gran descubrimento deste Goberno, temos un certificado de Secretaría que nos di que o procedemento é correcto, xa hai que estar desesperado, ten que ser triste para chegar a estes argumentos, e presentar como algo novo un documento que no fondo e nas formas nós non discutiamos. Eu só fago outra pregunta, que alguén de aquí acredite que o PXOM da Estrada ten cumprido o silencio administrativo na avaliación ambiental estratéxica, como di o Sr. Alcalde é un tema menor, nada se non a temos non pasa nada, non claro, o problema é que a lei pon que é preceptivo e vinculante e obrigatorio a súa tramitación e so seu cumprimento, pero como non o temos imos dicir que non é obrigatorio, esa é a legalidade e a xestión coa que vostedes poden facer gala pero está claro que ao final cada un terá o seu propio pagamento, pero é difícil de entender que nos deamos por vencidos xa coa situación de bloqueo que imos ter no rural, eu vexo realmente lamentable que este Goberno Municipal teña a pouca ambición de darse por vencido e dicir que ben, o rural tamén é un tema menor, que no rural non se poida construír tamén é un tema menor, ao final imos arranxar o que, os solos consolidados de Antón Losada que é o que nos preocupa e aquí temos un PXOM tranquilo e apacible e dende logo proba diso está o papel dalgunha asociación antes completamente belixerante co plan xeral e hoxe completamente adormecida e tamén xa fixemos uso desa información para saber cal era a magnitude desa decisión que tomaba o Goberno Municipal no plan xeral e a quen beneficiaba, *qui prodes*, ¿a quen beneficia?. De momento non encontramos a ninguén máis que a catro.

Sr. Alcalde: Un minutiño, estas últimas palabras do señor López referentes á Antón Losada quero que consten en acta literalmente, tamén lle recomendo que non faga moitas citas en latín porque temos un experto aquí que é Manuel Sanmartín.

Sr. López Campos do PP: Eu as citas que faga farei as que considere oportunas, se vostede mo permite farei as citas que eu considere necesarias e oportunas se non lle molesta, se lle molesta tampouco teño problema en retiralas, non teño problema ningún. Intentaron tamén meter o debate dese suposto maltrato ao Concello da Estrada cos exemplos desafortunados e tristes de Muros e Lugo e Drodo e Valga e lles quero recordar porque ao mellor non o saben, que Muros e Lugo teñen a exención medioambiental, continuaron coa tramitación, non mandaron o escrito da concelleira de urbanismo renunciando ao trámite da exención medioambiental, lograron a exención e continuaron coa súa tramitación. Gran diferenza, importante diferenza. Dodro e Valga, importante diferenza, lograron a tramitación da avaliación ambiental estratéxica antes da entrada da lei do solo, da 2/2010, antes do 21 de abril, estraña coincidencia, o mesmo que lle dixo o PP que fixesen dende que empezaron a exposición pública, porque díganme vostedes a día de hoxe sen as alegacións sen respostar a todos os veciños os 2.065 que presentaron as alegacións ao plan xeral, quen recibiu unha soa contestación desas alegacións; ninguén, ¿que fixo o goberno dende outubro de 2009 ata febreiro de 2011, quince meses despois. ¿qué fixo o goberno nun trámite de resolución de alegacións que aínda está sen pechar ?, ¿ qué fixo o goberno coa auténtica chapuza de mandar un documento no cal a secretaria non se quixo posicionar, un documento que non quedou custodiado no Concello da Estrada, que se remitiu á consellería previamente para a avaliación ambiental estratéxica antes de resolver as alegacións nas comisións informativas. Vostede terame que dicir a iso, é o normal. Home podemos tirar de hemeroteca tamén, vostedes mandaron o documento á avaliación ambiental antes de convocar as comisións informativas para ditaminar as alegacións. Esta é a forma transparente e cristalina e dende logo un trámite que hai que levar aos anais da Historia e todo o mundo terá que ver o exemplo da Estrada na tramitación do plan xeral. Unha auténtica chapuza, ¿e porque?, como dicía o señor Espiño, eu tamén o vou a parafrasear, vísteme

despacio que teño présa; mentres que tiveron tempo durmiron e cando o tempo lles viña en contra intentaron correr e o que fixeron foi unha solemne e auténtica chapuza na tramitación do plan xeral e o peor de todo é que vostedes o saben e entón o que están intentando facer agora é un pequeno lavado de cara, está claro que o peor escenario que se lle plantexa a vostedes nas eleccións municipais é non ser capaces de mandar o documento á Xunta de Galicia e recoñecer a incompetencia, pero tamén lles digo a verdade; vostedes falan dos atrancos da Xunta e do PP, pero qué pintou o PP ata agora na tramitación do plan , qué posibilidade e que capacidade tivo para paralizar a tramitación a Xunta e o PP da Estrada na tramitación do plan en catro anos, pero se o plan estivo metido no despacho de urbanismo nos últimos catro anos, se nós non tivemos acceso a ese documento e a Xunta de Galicia resolveu nun mes e medio a avaliación ambiental que foi o único trámite que tivo que facer nestes catro anos. O resto dos corenta e catro meses menos ese mes da avaliación ambiental estratéxica, estivo metido nun despacho entre Vigo e A Estrada e A Estrada e Vigo e facendo algunha que outra aprada en outro sitio supoño pero dende logo, responsabilizar ao Partido Popular de algo que non tivo parte nin participación nin sabe de que vai o tema, me parece tamén excesivamente ousado dicilo. Pero eu creo que deberíaos facer estas reflexións, eu creo que vostedes tamén seguen con esa estratexia de poñer a venda antes da ferida porque saben que nas condicións actuais o PXOM é unha chapuza na súa tramitación, recoñéceno coa súa estratexia premeditada de autoxustificación para curarse en saúde e ademais tamén o recoñecen xa definitivamente o que falabamos antes de *excusatio non petita acusatio manifesta* que cambiando á última hora a parte do texto co documento que incorporan vostedes a este Pleno, recoñecida estratexia de autoxustificación e evidentemente pois entre recoñecer a incompetencia de non ser capaces de dar un paso adiante no plan xeral, ou non enviar o plan xeral á Xunta de Galicia porque dende logo o que tiñan que haber feito en todo este tempo, pois optan pola vía da confrontación, pola vía do desgaste, pola vía da utilización política unha vez máis porque si está claro que si alguén é sospeitoso de utilizar politicamente na Estrada o urbanismo, dende logo ese non é o PP. Se alguén é sospeitoso e non só sospeitoso se non ademais nin é presunto, ese é o PSOE que o fixo a sabendas do dano que lle estaba facendo e que se cargou p plan xeral nunha votación no Concello da Estrada no ano 2006, xaneiro do 2006, día de infausto recordo onde o señor Espiño era voceiro e ademais lle mandou xa a nota á Xunta de Galicia para que soubesen xa o que tiñan que facer e esas previas reunións clandestinas para intentar dinamitar o plan xeral da Estrada.

Sr. Alcalde: Imos ver, señor López e que nos queda unha hora de convocatoria de Pleno, polo tanto para que todo o mundo poida intervir eu recoméndolle se pode concentrar un pouquiño os argumentos pois poderíamos falar todos as quendas correspondentes porque se vostede segue así vaime a esgotar o Pleno e non imos a poder dicir nada todos os demais. Vainos obrigar a convocar outro Pleno, en aras do bo desenvolvemento do Pleno, se vostede pode, eu creo que si , reducir un pouquiño os seus argumentos, poderíamos todos falar para rematar o Pleno en hora e non ter que vernos nunha situación complicada.

Sr. López Campos do PP: Ben, pois con tantas interrupcións a verdade é que é difícil facer un fío argumental, terá que entender vostede que me resulta complicado seguir o fío que teño ademais pensado para este tipo de intervención, pero ben intentarei ademais na medida das posibilidades abstraerme do ambiente xeneralizado e intentar centrarme no que teño que centrarme. Como dicía, eu creo que para desgraza de todos, toman vostedes o peor camiño e é non ter aceptado aquel pacto que lle ofreceu o PP no que dende logo eu creo que estabamos á altura das circunstancias sabendo da relevancia que tiña chegar a un acordo en materia de plan xeral. Non vou lembrar a actitude negociadora, tamén volvo recordar os inicios democráticos do señor Dono que se lle ven sempre nas ocasións e non quero recordar esa posta en escena que tivo e que foi de infausto recordo. E aquel día comezou a dexenerar a situación e chegou agora pois iso a peor das situacións;

a intentar lavar a súa imaxe, lavar a súa cara; non seguros do que están a facer e a verdade é que o tempo vulgará a cada un polos feitos e polos non feitos, e me parece que neste plan todo está dito, falsidades, mentiras. Eu chameille fai algúns meses, e o bo é que está a hemeroteca para ver, eu dixen que o partido popular apoiaría un plan ambicioso, transparente e para todos; nin ambicioso, nin transparente, nin para todos. Dixen que este era o gran plan das mentiras, no ano 2008 cando se empezaron a incumprir todos e cada un dos compromisos adquiridos en materia do plan xeral e por desgraza teño que dicir que se cumpriron todos eses prognósticos. Non estiveron vostedes á altura, e dende logo como din os romanos para rematar aínda que lle moleste ao señor Alcalde.

Sr. Alcalde: Sr López remate e que nos fai vostede rir e non damos acabado o Pleno.

Sr. López Campos do PP: É certo que son un tipo simpático, dinmo habitualmente, cousa diferente co seu talante que iso tamén nos beneficia en política.

Sr. Alcalde: O talante é cousa nosa, como xa sabe.

Sr. López Campos do PP: O talante esgotouse Sr. Dono. Eu voume a permitir o luxo de dicir unha última frase en latín, porque ademais o señor Sanmartín Obelleiro coñece persoalmente os orixes de meu pai que foi mestre de latín, polo tanto me creo lexitimado para poder utilizalo e a última frase non pode ser outra que "*alea iacta est*", a sorte está botada, vostedes teñen a responsabilidade en cima da mesa e agora se verá quen é quen neste tema do plan xeral.

Sr. Alcalde: Por moito que lle pese, iso é certo o que acaba de dicir. Ben, vamos entón como nos quedan cincuenta e cinco minutos de Pleno e moitas intervencións, imos a tratar de comprimir, agradeceríalles que comprimisen o tempo para que poidamos intervir todos, se non vai ser imposible. Entón eu creo que se nos limitamos a dez minutos que eu creo que en dez minutos se pode dar unha explicación pormenorizada de argumentos a favor ou en contra e fosemos capaces de facer a segunda rolda e de intervir todo o mundo. Ten a palabra señor Reboredo.

Sr. Reboredo Baños: Eu estaría de acordo con vostede pero tería que empezar pola súa propia casa en ordenar os tempos porque non é corresponsable facer os demais grupos de un tempo que a súa concelleira consumiu en exceso e os demais quedan. Bueno eu vou consumir o que crea conveniente consumir porque tamén teño moito que dicir sobre este tema.

En primeiro lugar teño que dicirlle señora concelleira "qué bonito, fenomenal, fíxoo vostede de fábula". Vou empezar por vostede porque quero aclararlle dous conceptos; primeiro, é falso que me atribúa a min o posicionamento en contra do plan xeral como ao señor López porque eu levo máis de tres anos sen aparecer nos medios, eu sempre que tiveron que opinar de algo, expúxeno nas comisións de urbanismo, nas poucas que vostede convocou, por certo, a pesar de que introduciron a democracia, os seus correligionarios negáronse a convocar comisións para que a oposición puidese traballar. Ben, polo tanto primeira falsidade. Tamén teño que recoñecerlle e alégrome hoxe, un día segundo a concelleira e tamén primeira tenente alcalde importante, xa lle explico despois o porqué. Teño que recoñecerlle que durante catro anos se deron conta, porque eu escoitei hoxe aquí, esta noite palabras certas cara a miña persoa como concelleiro porque durante catro anos se dixeron auténticas salvaxadas por parte do señor Alcalde e por parte súa, entorno á miña xestión urbanística e voullo a deixar moi claro porque dixó vostede, un documento válido o aprobado provisionalmente en xaneiro de 2006, era un documento válido que a consellería non aprobou e mandou facer unhas certas modificacións. Por tanto, documento válido, importante.

Segundo, dicían vostedes que esa aprobación provisional, e dicía vostede, aínda que coincida unha vez co señor Reboredo e que non sirva de precedente voulle dar

a razón de que existe a aprobación provisional. É importante ese tema, a vostede cústalle moito recoñecer os méritos e o bo traballo feito durante un tempo que o meu foron tres anos escasos de responsabilidade en urbanismo, iso era para precisar. En segundo termo voulle a dicir, mire, dicía a señora concelleira que hoxe é un Pleno importante para A Estrada, efectivamente, debería ser un pleno interesante nesta lexislatura pero dixo vostede o máis interesante, claro e que non veu outra cousa, se quitamos a RPT e dous orzamentos, o demais aquí non veu nada, a xestión nula, aquí por tanto claro que é o máis importante. Pero eu direille que equivócase vostede no termo, este non é un pleno tan importante, este é o pleno, chamaríao da incertidume porque ninguén sabemos, nin vostedes nin nós na oposición nin os veciños da Estrada saben certamente o que vai pasar con este documento. Vostedes sábeno, xa chegarei a vostede e voulle a facer unha pregunta para que me conteste, mire evidentemente hai que facer un breve, porque ao intervir despois moitas das miñas exposicións que foron expostas en comisións xa foron expostas sobre a mesa e polo tanto non vou incidir demasiado pero teño que facer un repaso e vou ser moi breve, mire, na campaña electoral do 2007 a alguén se lle encendeu a bombilla, a algún iluminado e entón empezou a dicir, creouse en poder divino, de revelacións divinas e empezou a dicir que en seis meses tiña o PXOM, logo o que dicía o Señor Touriño, ven aquí se unha persoa é alcalde nada inmediatamente, logo estivo dous anos de xestión baixo ese bipartito e non foi capaz de achegar ningún documento nin de negociar nesa consellería ningún avance, logo chega a campaña de xuño, chega xuño de 2007 e é aí cando empeza a demostrarse a incapacidade de xestión deste goberno, non se cambia o equipo; cámbiase o equipo, un ano e medio despois. Solicítase a exención medio ambiental e logo renúnciase a exención medio ambiental, logo o plan vaise aprobar nun ano a través dun acordo marco; mentiras, mentiras, mentiras. Se ese acordo marco se fixera realidade; efectivo, que foi feito en outubro de 2007, en outubro de 2008 tiña que estar o plan aprobado señora Raquel, circunstancias especiais, todo culpa da oposición. Logo asínase o contrato con Visier. ¿saben vostedes que o contrato con Visier está finalizado dende marzo de 2010?, ¿ tomaron vostedes algunha iniciativa para que o equipo redactor resarza ao Concello dos danos por non ter presentado a documentación e tempo e forma para a súa aprobación dentro da vixencia do contrato?. Bueno, eu non lle quero falar do prego de prescricións técnicas porque xa falou o compañeiro. Vostedes estan recoñecendo sempre que é necesaria unha aprobación provisional, como recoñecín eu no seu momento coa consellería, que feitas as correccións e debido as modificacións substanciais que había que introducir no documento porque afectaba á clasificación dos solos e a introdución dun novo elemento que era o informe medio ambiental, o ISA e era conveniente facer as correccións ao mesmo tempo que o ISA , sometelo a un trámite de aprobación provisional que era o mesmo que estamos facendo nós hoxe aquí, é dicir, un trámite de Pleno e mandalo á Consellería, tiveron vostedes dous anos e medio para facelo, case tres anos; dende xullo de 2007 ata 4 de abril de 2010 que entrou en vigor a última modificación da lei, pero vostedes é que non tocaron bóla e entón evidentemente chega un momento en que a entrada en vigor da modificación da lei de 2010 píllaos en fóra de xogo. E vostedes entón teñen que agarrarse soamente a esa suposta, que eu non discuto, xa o veremos no tempo, a esa aprobación provisional efectiva ou non efectiva. E esa é a triste realidade, pero é pola súa incompetencia porque durante tres anos, vostedes non fixeron absolutamente nada co plan e iso é así. Claro, como consecuencia de todos eses titubeos, estamos nesta situación, claro, efectivamente, pasan, cumpríronse os tempos.

Mire pero claro, vostedes non son parvos, de parvos non teñen nada, e entón vostedes comezan a preparalo terreo, saben onde están, saben que dentro de tres meses, catro meses, hai un proceso electoral e entón teñen que preparar o terreo para unha estratexia política e entón buscan culpables. Entón o señor alcalde ponse nun estado nervioso, de ansiedade e entón empeza a disparar contra todo o mundo, recorre ao insulto nos medios; busca culpables na oposición, cando hai que ver que participación tivo a oposición; aprópiase da voz do pobo, de Radio Estrada, para atacar, denigrar, difamar, a todo o mundo. Si, si, a voz do pobo, Radio

Estrada, esa é a miña radio, e aquí fago con ela.. Aló Presidente.. si, si.. Aló presidente.. bueno.

Vostedes e a súa concelleira buscan culpables, fanme culpable a min e ao señor López de todos os atrancos ao plan xeral, pero teño que dicir unha cousa, que xa comentou o compañeiro. Aquí os únicos que se opuxeron á aprobación dun plan xeral foron vostedes; os únicos que votaron en contra dun plan xeral importante para A Estrada, tan importante como este e que tamén tiña unha asistencia masiva naquel momento e vostedes votaron en contra. Votaron en contra, señor Espiño, e eu non vou facer uso das conversas privadas, pero vostede e máis eu sabemos porque se votou en contra, e vostede teño que dicir que no seu momento me brindou o seu apoio como concelleiro da oposición para botar este documento á andar.. si, si e agora vouno dicir señor alcalde, porque vostede leva dicindo moitas tonterías durante tres anos de min, pois agora voulle sacar a vostede os colores; vostede forzou ao grupo municipal a que votasen en contra do plan xeral cando o señor Espiño me ofreceu a min nunha cervexería na Estrada o apoio e díxome, que tiña eu conflito dentro do meu grupo, e díxome, se non tes o apoio para aprobar este plan aquí tes ao partido socialista, e si os tes, entenderás que me vou abster porque teño que sacar rendibilidade política. ¿foi así a conversa ou non?, señor Espiño de home a home, ben, entón cada un que asuma a súa nefasta estratexia e a frase que eu lle dixen a vostede en campaña electoral e non me desmentiu, llo dixen neste Pleno e non mo desmentiu, que vostede dixó “ así hai que apartarse do plan, así A Estrada este vinte anos sen el”, pois vai vostede por ese camiño; só lle quedan catorce.. ou dezaseis, ben, iso é así.. eu sei que as verdades non gustan pero claro vostede cando as lanza pola súa propia boca, evidentemente non mide as consecuencias, mire voulle a dicir alto e claro; eu rematei a miña etapa como concelleiro de urbanismo o vinte e seis de marzo de dous mil sete, vostede tivo catro anos para resolver esta situación, por tanto, os meus erros se os tiveren, que seguramente os tiveren xa os paguei; agora tócalles pagalos a vostede e a súa concelleira, correcto. Tamén lle quero recordar que nesa etapa, neses dous anos e medio, elaborouse un documento partindo de cero que se presentou en aprobación definitiva á Xunta. Evidentemente non se deu o aprobado á primeira presentación, como non pasou en ningún plan en Galicia a excepto Sanxenxo que foi o primeiro plan que se aprobou inmediatamente aprobada a lei en decembro de 2002, nin Santiago, nin Vigo, nin Vedra, nin Teo, e outros aprobaron o seu plan á primeira, polo tanto tiveron que facer modificacións; máis ou menos, tiveron que facer modificacións importantes. Polo tanto, a miña maña xestión é discutible, acepto que cada quen teña a súa opinión, evidentemente, pero o que non é discutible é que naquela época se dedicou tempo, esforzos e traballo en desatascar este tema; cousa que vostedes non fixeron. E teño que dicir que a pasar desa mala xestión que vostede me acusou a min sempre, eu presenteime a unhas eleccións electorais como cabeza de lista e apoiáronme mil catrocentos veciños, gustárame saber se vostede se houbese presentado fóra do seu aparato, houbese sacado eses apoios, pero tamén lle recordo que eu tiveren que loitar contra unha administración inimiga; o bipartito, tiveren que loitar contra unha oposición incendiaria que buscaba a sublevación e confrontación cos veciños, e tiveren que loitar contra un candidato que foi vostede que fixo esa manifestación no seu comité. Mire, hoxe catro anos despois e vistas as súas manifestacións nos últimos tempos, tamén eu tería que pensar que unha man negra, a súa, estivo detrás dos informes que no seu día fixo o director xeral de urbanismo, o seu amigo posiblemente. Mire vostede acusoume que eu ia polas consellerías abrindo portas e obstaculizando o plan. Eu tamén podo pensar que unha man negra se puxo ao plan anterior. Bueno, están aí as hemerotecas, mire en realidade e definitiva, todo isto é patético señor alcalde, a situación é patética porque vostede me atribúe a min calidades sobrehumanas, a min dime que eu organizo a resistencia, eu anulo a mente do señor López, eu entro nas consellerías como se fose a miña casa, eu ordeno e mando ao meu antollo, ¿iso sabe que me parece? Unha frase que fixo un xogador de fútbol; o señor Mourinho sobre o seu presidente Florentino Pérez, dixó que era un ser superior; grazas señor alcalde por considerarme un ser superior. Mire e agora imos falar do documento, dicían vostedes, señora concelleira que non debatíamos sobre o documento; nós

debatinos sobre o documento nas comisións correspondentes. Nós criticamos ou analizamos as deficiencias que o documento tiña, están nas actas, entre outras cousas, nós dixémoslle que este documento rachaba o consenso que todos os grupos políticos no seu día habían alcanzado, todos os grupos políticos aquí presentes habían alcanzado en torno a actuacións importantes no ano dous mil catro. Non é certo que se corrixa a totalidade das directrices e verdades da orde da consellería; e falso señora concelleira, concretamente no solo urbano non se corrixe o punto un nin punto dous. Diga vostede como queira; están aquí os informes.

É discriminatorio porque trata a uns veciños, favorecendo a uns e prexudicando a outros notablemente. É mentira que vostedes dialogaron, vostedes sometéronse a unha asociación que mantivo unha actitude belixerante no seu plan apra defender os seus propios e lexítimos dereitos; vostedes sometéronse, non o fixeron apra favorecer os intereses xerais do Concello da Estrada, foi para favorecer a catro persoas; iso é así. E porque se delimitan?, voulle poñer un exemplo na rúa San Paio, á altura da gasoleira de San Paio e ata a rotonda de Figueroa como Solo Urbano consolidado e da rotonda pequena de arriba, á rotonda pequena de abaixo; variante de San Paio, non é Solo Urbano Consolidado. A ver, ¿onde está a igualdade?. ¿onde está a equiparación?. Ou por exemplo señora Raquel, ¿porque non se recollen a totalidade dos núcleos tradicionais que vostedes tanto defenderon?, A Graña, un exemplo, Matalobos, un grupo tradicional non aparecen recoñecidos, e sen embargo en Santo André de Vea aparecen outros que se fixeron adaptados a necesidades; núcleos novos, onde non hai casas tradicionais e cóllense tres casas e se fai un núcleo tradicional, pois iso nós xa o dixemos nas comisións, por tanto mire tampouco é certo que todos os informes son favorables, é falso. Mire, o informe de Intervención, apartado a), b), c) ,d), g). ¿acórdase señora Raquel cando vostede cuestionaba o plan anterior, porque non aparecían suficientemente xustificadas, (señor Alcalde, eu rógolle que manteña orde porque isto evidentemente...)

Sr. Alcalde: Silencio por favor. Estivo vostede en plenos moito máis turbulentos que este. Tampouco é para tanto.

Sr. Reboredo Baños : Aplique o regulamento, que é o que ten que facer. Non existe, non existía dicían vostedes que non existía suficientemente documentado as achegas da Xunta de Galicia para determinados viais da Deputación provincial. Apartado a) do informe de intervención: non existe segundo e esixido polo artigo 63 da LOUG, no suposto de que se atribúa a financiamento a administracións ou entidades públicas distintas do municipio, deberá acreditarse a conformidade das mesmas; a conformidade da Xunta de Galicia nin da deputación provincial de Pontevedra .

Entre outros, volvemos a sinalar as necesidades dun informe técnico, apartado b) que acredite a veracidade das variacións levadas a cabo polo equipo redactor para o aproveitamento do 10%. A día de hoxe entre outras, apartado g), non existe un expediente e terán que incorporarse ao mesmo os informes seguintes. E di, por exemplo; informe do departamento do rural; non existe, informe do encargado de obras e servizos; non existe, informe do negociado de estatística; non existe. Non existe o informe de Fomento de estradas do Estado; non está incorporado ao documento porque se lles pediu a vostedes información complementaria e vostedes dano tamén por silencio administrativo. En definitiva, o importante non é o que se vai votar hoxe aquí; o importante é o que vai a pasar despois, iso si que é importante.

Entón por iso a min me gustaría, que o señor Alcalde me respostase a un par de cuestións que teño dúbidas. Hoxe aquí vaise aprobar un documento , así o anuncio o grupo de goberno e poden pasar dúas cousas, primeiro, que a Xunta de Galicia o aprobe definitivamente co cal todos contentos fenomenal e A Estrada contará co documento, si todos contentos señora Maribel, si, xa sei que vostede no 2006 non estaba contenta e por iso votou en contra.

Sr. Alcalde: Sr. Reboredo, estamos alargando isto con debates estériles, inútiles que non achegan nada, polo tanto se podemos rematar porque se está acabando a sesión e non van a poder falar todos os que queren intervir, por favor, eu déixoo falar.

SR. Reboredo Baños : Estou rematando, eu non vou a votar en contra Sr. Ruíz, vostede fíxoo e os veciños teñen que sabelo. E a outra opción é que sexa rexeitado e a Consellería non o acepte e por tanto o documento veña de volta. Vostede anuncio a bombo e platillo nos medios de comunicación que vai iniciar un contencioso contra a administración se se produce esa situación. Vostede tamén é consciente porque hai precedentes aquí na Estrada, que un contencioso dese calibre, moi superior incluso ao recurso ás normas transitorias, vai para cinco ou seis anos. Vostede por tanto, o día 22 de maio vaise a someter a un proceso electoral, ben, e poden pasar dúas cousas; unha, que perda e por tanto, acabouse o problema para vostede; cambia de escenario. Ou pode pasar que gañe, efectivamente, eu dixen que había dúas cousas, pero e que vostede anticipase nos razoamentos. Ben, se gaña vostede as eleccións, a min gustárame que lle dixese aos veciños da Estrada, a todos, se vai manter o recurso, o contencioso coa administración, polo tanto, vai estar outra legislatura, catro anos mínimo sen plan xeral por un capricho, ou vai retirar o recurso, o día 23 de maio ou o día 24 de maio. Iso é o importante, que saiban pos veciños que é o que vai pasar a partir de agora. Oxalá se aprobe o documento, nós non dixemos nunca; e digo nós aquí o compañeiro e máis eu, nunca dixemos, xa na campaña electoral dixemos que nós apoiariamos ao grupo que tivese a responsabilidade de aprobar o plan xeral e quixemos manter ese compromiso, por iso lle dixemos ao grupo de goberno, que queríamos participar na nosa medida, facer achegas, que se nos considerase nese documento. Evidentemente iso non se produciu e por tanto nós non podemos dar ese apoio definitivo pero tampouco como dicía o compañeiro queremos er obstáculo. Non somos necesarios, por tanto, nós ímonos abster, señora Maribel Ruíz, non imos votar en contra como fixo vostede e agora nega aos demais esa posibilidade, por tanto grazas por recoñecerme o meu traballo e dicirlles que teñan sorte, que A Estrada necesita un pouquiño de sorte nese sentido.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Reboredo. Ben voulle a contestar aí a unhas alusións que son reiterativas, en calquera caso, primeiro mire vostede; agradézolle que nos agradeza que sexamos suaves con vostede, porque lle vou a dicir unha cousa, hai versións sobre a súa xestión dalgúns veciños da Estrada que sería irreproducibles diante deste Pleno; non miñas, polo tanto imos ser nese tema comedidos. E eu o que quería dicirlle era unha cousa; mire a vostede non sei quen lle contou a versión da comisión executiva na que eu pertencín naquel día pero xa que vostede mencionou tanto aquela comisión executiva, pois voulle a dar as explicacións oportunas. Eu formaba parte daquela comisión executiva, é certo tamén, Espiño, case non ía nunca. Espiño díxome “vente hoxe, vente hoxe”, e eu fun alí a esa comisión executiva e din a miña opinión. Eu non tiña ningún cargo moi relevante; debía ser así un calquera, din a miña opinión e marchei para casa e eu despois de aí non sei o que pasa nin o que non pasa. Pero tamén lle vou a dicir unha cousa Sr. Reboredo, vostede utilizou conversas privadas neste Pleno en máis de unha ocasión e eu voulle a dicir unha cousa; o que utiliza conversas privadas argumentándoas neste Pleno non é de fiar, polo tanto teremos que ter todos coidado co que falamos con vostede en privado. Ben, dito isto xa lle vou contestar a todo iso que dixó, que por certo agora xa non recordo que preguntaba pero ben, imos ver , podíame repetir esas dúas preguntas que fixo ultimamente porque estaría encargado de contestarllas. Esa xa a sei e a anterior... había outra creo, non.. ah! o contencioso, ben, e que estamos falando de contencioso.. imos esperar a que conteste a Consellería porque eu penso que a Consellería ao final vai aceptar as nosas alegacións e que por tanto non vamos ter que ir a ningún contencioso, en calquera caso, se non nos queda máis remedio, poñeríamos un contencioso o cal non quere dicir que non empecemos coa adaptación á lei e que non poidamos negociar coa Consellería, despois do 22 de maio o que haxa que negociar como se

negociou ata agora. É certo que agora nos encontramos cunha posición absolutamente cerrada por parte da consellería e temos que limitarnos a tomar os acordos que levamos tomados ata o momento, e se eu gaño, que estou absolutamente convencido de que vou gañar a pesar do que vostedes pretenden facerlles crer aos veciños da Estrada, pois seguiremos adiante para rematar coa tramitación do plan o antes posible. Ben, como só queda media hora, é evidente que non vai volver a haber segunda rolda a non ser que sexa telegráfica, polo tanto ten a palabra Raquel.

Sr. López Doce do BNG: Ben, boa noite, incluso lamento que non puidesen controlar un pouco máis as súas intervencións e agora non vaia poder haber un debate máis clarificador, eu entendo que á altura do Pleno na que estamos, os veciños e veciñas aquí presentes supoño que estarán bastante confusos, despois de todas as afirmacións e aseveracións que fixeron tanto o voceiro do PP como o señor José. En todo caso, eu quero volver a centrar o debate recordando unha cousa que xa comentou a concelleira de urbanismo, e é a importancia que ten que A Estrada, por fin conte cun plan xeral de ordenación municipal despois de santísimos anos de carencia dunha normativa urbanística. Vai a contar, polo menos dáse un paso importante que é a aprobación das corrección que mandou realizar a Consellería de Política Territorial en maio de 2006, coa aspiración de que esta consellería nos conceda nesta ocasión a aprobación definitiva do plan. A avaliación señor, e que cústame chamarlle señor José; vouno a facer da forma correcta e chamareille señor Reboredo, espero que vostede aprenda a facer o mesmo comigo xa que non dou aprendido, ben, en todo caso señor Reboredo, a avaliación do seu traballo ao fronte da Concellería de Urbanismo ao fronte da elaboración do plan xeral de ordenación municipal que se someteu a aprobación provisional no Concello da Estrada o 30 de xaneiro de 2006, doulla por escrito a propia consellería e díxolle que ningún dos tomos que integraban ese documento era válido, ningún; nin o económico, ningún, entón evidentemente naquel momento deulle un cero , de dezasete ou vinte e sete páxinas, non me lembro ben e non teño ese documento aquí neste momento. En todo caso o BNG votou en contra daquel plan e sábemo os veciños, nós nunca o ocultamos, anunciámolo ademais que iamos a votar en contra porque o PP se negara a aceptar as alegacións formuladas polo Bloque Nacionalista Galego, quero recordarlles señor López e señor Reboredo que este documento estivo en exposición pública e ningún dos dous formulou ningún tipo de alegacións nin propuxo ningún tipo de melloras nin correccións a este documento. Resúltame chamativo que agora critiquen determinadas cuestións cando vostedes como grupo político puideron presentar documentación ou formular alegacións para que se corrixisse aquilo que non lles gustase do plan e non fixeron anda.

Sr. Alcalde: Señor López Campos, vostede pode facer todos os comentarios pero non interrompa.

Sra. López Doce do BNG: Teño moi pouco tempo e hai algunhas cuestións que quero que queden claras. A primeira é que dí a disposición transitoria primeira apartado 1 da lei 2/2010 e teño aquí non unha note de prensa ni unha fotocopia dun xornal senón o DOG.

1) Os plans aprobados provisionalmente antes da entrada en vigor desta lei poderán continuar a tramitación ata a súa aprobación definitiva a teor do disposto na Lei 9/2002 do 31 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Ben, isto é o que di a disposición adicional 1º punto 1 (si transitoria Dna. Cristina, fai ben vostede corrixirme), non, non, non é a transitoria, efectivamente, ben, e agora imos dar conta tamén do artigo 85 da Lei 9 /2002 que é a de aplicación no caso do Concello da Estrada, que fala do procedemento para a aprobación dos plans xerais e di que a Consellería pode aprobar definitivamente o plan ou aparto b) se non procede outorgar a aprobación definitiva o órgano competente sinalará as deficiencias e subseguintes modificacións que procede introducir co obxecto de que, unha vez reparadas e aprobadas polo concello, se

eleve de novo o documento para a súa aprobación definitiva, agás que quedasen relevado de facelo pola escasa importancia das modificacións.

Todos sabemos que as modificacións eran tan importantes, que requiriron a parte de introducilas no documento e corríxilo, exposición pública, novos informes sectoriais e hoxe veñen a Pleno.

Este artigo da lei fala da aprobación polo Pleno, iso é o que estamos facendo en este momento, pero mire unha cousa , vostede dicía que non é certo iso que nós vimos denunciando dende hai uns meses, que estamos tendo constancia destes feitos; de que haxa unha discriminación por parte da Xunta de Galiza contra o Concello da Estrada, pois iso non é así, mire, isto é unha resolución de política territorial, referida ao PXOM do Concello de Tui, Pontevedra. Resulta que a Consellería de Política Territorial, en abril de 2007 non outorgou a aprobación definitiva ao plan xeral de ordenación municipal do Concello de Tui e instouno a facer unha serie de correccións e o Concello da Tui en data oito de novembro de dous mil dez fai a aprobación das correccións e remítelle o documento á Consellería sen adaptarse ás modificacións que implica a lei 2/2010 porque tiña realizada a aprobación provisional.

Imos a ver, é que vostede oíu falar en algún momento no que eu lin a disposición transitoria, veu vostede a avaliación ambiental. Veuno vostede no procedemento para a aprobación do plan?.

Sr. Alcalde: Señor López, permita as intervencións polo menos na mesma medida que o respectaron a vostede. Ben, non interrompa se fai o favor.

Sr. López Doce do BNG: Mire, esta vaille doer máis... non, non... vaille doer máis, é referida ao Concello de Muros. Concello da Muros, ben, o Concello de Muros tiña o seu plan tramitado segundo a Lei 9/2002 antes da modificación que supuxo as novas clasificacións de terreo que supuxo a nova Lei 2/2010. Ben, o 22 de abril de 2010 a Consellería resolveu non outorgar a aprobación definitiva do plan e instar unha serie de correccións, e resulta que nos antecedentes da resolución de 10 de decembro de 2010 sobre a aprobación definitiva do plan xeral de ordenación municipal do Concello de Muros- A Coruña, figura un punto 3. o Concello de Muros adoptou o acordo de aprobación provisional dese documento do PXOM en sesión plenaria do 18 de novembro de 2010, sen adaptarse ás modificacións que implica a Lei 2/2010.

Sr. Alcalde: Señor López, tranquilícese porque pode a vostede darlle algo, entón reláxese non vaíamos ter que chamar ao 061, tranquilícese, escoite os argumentos da compañeira de Corporación e tranquilo. Eu xa sabe que son médico e que teño que preocuparme, estou colexiado a día de hoxe, señor López, pago a colexiación cada tres meses, tranquilo, reláxese, reláxese que lle vai pasar mal.

Sra. López Doce do BNG: En todo caso este documento refírese a ese acordo que hai que adoptar corrixindo as modificacións, como unha aprobación provisional, noutras resolución fálase de nova aprobación provisional e non ten nada que ver coa avaliación ambiental como vostede pretende. O Parlamento de Galiza, señor López, aínda que a vostede lle pesou porque tratou de que a resolución da Comisión de Política Territorial, instase ao Concello da Estrada a corrixir o plan e adaptarse á modificación da lei e non o conseguiu, aínda tendo o Partido Popular maioría absoluta no Parlamento porque non é legal , non é obrigatorio porque non é o que lle interesa ao Concello da Estrada e aos veciños da Estrada, dende logo vostede oíu campás señor... ben, teño aquí a de Outes, teño a de Cualedro en Ourense, teño a de Rairiz de Veiga en Ourense, teño a de Valga en Pontevedra e podería ter máis, a do Concello de Lugo non , porque aínda foi o acordo o outro día e aínda ten que pronunciarse a Consellería, vostede como lle dicía oíu campás e o que escoitou por aí seguramente se refería aos políticos de peso e non aos políticos pesados que é o que é vostede, nada máis.

Sr. Aguiar Lale: Ben, se se me permite por favor, estou no uso da palabra, grazas. Ben, a verdade é que me gustaría empezar dicindo aos dous compañeiros de Corporación da oposición, que deberían ser un pouco máis cautos nas súas acusacións porque aquí oímos cousas bastantes graves e ningunha foi anticipada da palabra presunto. Entón, se dixo textualmente que para nós, para o Grupo de Goberno, urbanismo era un negocio. Me parece unha acusación moi grave e creo que deberían ser máis cautelosos e dende logo máis respectuosos ou é que ben, tampouco teñen formación. Señor Reboredo vostede tamén.

Sr. Alcalde: Señor Reboredo, teñen incontinencia verbal esta noite, reláxense, reláxense e escoiten aos compañeiros con tranquilidade.

Sr. Aguiar Lale: Señor Reboredo, me refiro a vostede tamén porque tamén nos acusou de beneficiar a uns veciños para prexudicar a outros, entón aínda que textualmente non utilizase a mesma frase, o contido é o mesmo. Entón, hai tantas cousas que evidentemente é difícil na quenda de palabra que temos. O documento precisamente, como ben dixo a compañeira Dña. Raquel, que no seu momento señor Reboredo lle votaron en contra, pois foi un documento precisamente que por iso foi necesaria a súa corrección, por iso agora traemos aquí este documento, á corrección. Me parece tamén señor López, que debería non faltarlle ao respecto á secretaria municipal dubidando da súa imparcialidade na cuestión, cando fixo manifestacións do tipo de que moi desesperados debía de estar o Goberno para requirirlle un informe á secretaria. Entón se me permite lembrarlle vostedes antes pediron un informe á secretaria; quen está máis desesperado aquí, vostedes como oposición ou nós como Goberno. A parte diso, nos informes que vostedes, ámbolos dous din que non nos axustamos á Orde da Consellería de 5 de maio de 2006 e que claramente o pon no informe do TAX, deixo unha pregunta no aire e vostedes saben que non minto, o informe remata dicindo que é favorable, favorable, iso quere dicir, que o TAX fai unha interpretación do documento presentado e ten un criterio que digamos que non ten porque ser, a partir da palabra favorable tamén di que non é vencellante, polo tanto é favorable porque en termos xerais da unha validación ao documento pero lóxicamente como técnico ten uns criterios que pode non compartir co equipo redactor, o que non lle quita validez ao documento. Creo que iso é unha cuestión clara que non é discutible. Esta me preguntaba a min persoalmente qué entrevistas tiveramos coa secretaria xeral técnica, despois de maio de 2010. Pois ben, lle pode respostar o señor Alcalde, que temos unha entrevista solicitada ao conselleiro de Política Territorial dende polo menos hai máis de un ano e bueno pois...creo que se recoñece vostede aquí verdade, aquí un titular de vostede, que non o di o partido socialista: "López Campos será ambicioso e decidido ao defender ante Feijóo os proxectos da Estrada", pois por favor non pase vostede á Historia cun epitafio, que eu non lle desexo mal ningún pero non pase como o único político que di unha cousa e despois fai o contrario. Non, non iso é así, de todas maneiras o criterio da secretaria xeral foi moi claro, evidentemente nós en esa rolda de prensa que vostede facía referencia.. perdón.. en esa folla que vostede lía, de que o manifestaba o alcalde... vamos de periódico.. me refiro a que xa a estas horas xa teño máis sono que outra cousa. Entón, mire teño un bo día e non lle vou entrar ao trapo, non lle vou seguir o xogo. Simplemente dicirlle que nós cando sacamos a nota de prensa, naquel momento o señor Alcalde e eu o que dixemos foi transcribir unhas palabras da propia Consellería, da propia secretaria xeral técnica na que nos facía mención do criterio claro que tiña a Xunta de Galicia con respecto á Estrada e nese momento sacouse esa nota de prensa. Tamén se dixo, que vostede obvia, porque obviamente non lle interesa, tamén se dixo que nos íamos reunir cos técnicos, co equipo redactor e que a partires de aí tomaríamos unha decisión e o camiño a seguir. E iso foi o que fixemos, non hai ningunha contradición. Fai referencia a un documento dunha xunta de goberno local de setembro de 2008, evidentemente aí ponse de manifesto que non estamos ante un documento *ex novo*, como vostedes tanto señor López como señor Reboredo recoñeceron a preguntas desta concelleira nunha comisión de urbanismo, recoñeceron que non estabamos ante un documento de novo; que estabamos ante

correccións do documento xa aprobado inicial e provisionalmente. O único que se leva á Xunta de Goberno, pois son uns trámites como ben di vostede, os trámites a seguir e chámasele aprobación provisional pero a lei non fala de unha segunda aprobación provisional como xa dixen na miña intervención e como ben dixo a compañeira Dña. Raquel. Estamos aquí tomando razón de un documento corrixido que xa conta con aprobación provisional. Non vou volver ler a lei que xa fixen mención e tamén a compañeira no senso de que non se diferencia na lei cando hai aprobación provisional válida ou non válida. É moi clara a disposición transitoria primeira no seu apartado primeiro é a que é de aplicación ao Concello da Estrada. Entón no único que concordo con vostedes, con ámbolos dous, porque cada un o dixo dunha maneira pero os dous son coincidentes, vostede dixo señor López que nos vamos por moi mal camiño como lles dixemos e xa quedou de manifesto non necesitamos o seu.. non tivemos necesidade do seu voto, para sacar o documento adiante e vostede dixo, teño aquí anotado textualmente para non faltar á verdade, “ata que vostedes fagan o que teñen que facer, é dicir, adaptarse á lei”, é dicir, vostedes xa teñen moi claro quen vai ser o próximo alcalde, quen vai ser a Corporación que se adapte á lei no seu momento, co cal lle agradecemos que xa dea por perdidas as eleccións, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Ben, grazas, dado que restan escasos dez minutos para rematar o Pleno e faltan puntos da orde do día, vamos a rematar aquí o debate deste punto. Ben eu lles digo en calquera caso que se fan algunha intervención, que eu xa os advertín hai unha hora do que estaba pasando. Temos que acabar a orde do día do Pleno en hora. Polo tanto, eu non teño inconveniente se dispoñemos, porque evidentemente non vai a ser só a súa intervención, será a súa intervención, o señor Reboredo, a señora Raquel e a señora Irene, polo tanto eu non teño inconveniente pero teñan vostedes en conta que teñen dous minutos cada un. Vale, ten a palabra.

Sr. Reboredo: Simplemente señora concelleira eu non dixen que o documento está condenado ou dou quen vai gañar as eleccións. Eu fixen unha pregunta hoxe ao Alcalde dos supostos que se podían producir, pode perder pode gañar, qué pasará en cada caso ademais, vostede interpreta distinto. Ben, simplemente para aclarar un concepto que se dixo ao Alcalde. Ben, a diferenza que hai entre as opinións irreproducibles que algúns cidadáns da Estrada teñen sobre min e sobre a miña xestión urbanística, a diferenza está en que o plan que xestionei eu co meu grupo, contemplaba un aproveitamento urbanístico de seis millóns de euros para o Concello e este contempla un aproveitamento urbanístico de dezaioito millóns de euros para eses catro propietarios. E esa é a triste realidade e evidentemente entendo que a opinión non pode ser favorable.

Sr. López Campos: Ben, eu como temos pouco tempo, da brillante intervención da defunta política señora López Doce, non vou a perder nin un só minuto, dende logo está claro que non vou perder nin un só segundo. Tamén quero acreditar que eu como quero ser de fiar non vou a facer uso de conversas privadas, que tamén as teño e podería facer uso pero non as vou facer porque creo que hai que ser cabaleiro ante determinados temas pero podería dar largo e tendido, largo e tendido en materia do plan xeral. Vostedes piden certificación, dun informe de maio, á raíz, como resposta do informe, do demoledor informe da secretaria en función do tema da avaliación ambiental e pretenden desviar a información.. este é un tema pouco importante, nós pedimos asesoramento para este Pleno e preguntando, ¿é obrigatoria a avaliación ambiental estratéxica?, si; ¿o plan xeral da Estrada ten avaliación ambiental estratéxica? Non, ¿pódese levar a Pleno?, non se debería porque non está cumprindo os trámites legais. Iso é o que pon o informe e iso é o que nós solicitamos. O contra informe xa sabemos como funcionan os servizos de espionaxe en determinados países; contrainforme? Hai que facer un certificado a toda présa que certifique sobre un informe que xa estaba feito en maio de dous mil dez. Non é un certificado novo, non nos vaiamos a enganar señora concelleira, a quen pretende enganar vostede, vostede pediu un extracto de un certificado do informe do técnico emitido en maio previamente á avaliación ambiental estratéxica

para intentar desviar o obxectivo da pregunta. ¿hai avaliación ambiental estratéxica?, non; ¿a tramitación é chapuceira?, si; ¿ fixeron as cousas mal dende hai un ano? si; ¿ o plan está nunha situación de.. e o Goberno está dando un paso ao vacío e non sabe onde vai?, si, por desgraza si e cada un ten que asumir as súas responsabilidades.

Sr. Alcalde: Esgotou os seus minutos sr. López vaia rematando por favor.

Sr. López Campos do PP : Tamén lle digo señor Alcalde, que non tome por tontos aos veciños da Estrada porque fixo aquí algunha declaración que creo que esta un pouco fóra de ton. Son bastante máis listos do que vostede pensa

Sr. Alcalde: Vaia rematando señor López porque esgotou o tempo. Non, non de acordo, estou de acordo.

Sr. López Campos do PP: E o seu tempo de médico xa pasou, agora a vostede vano a xulgar polo que fixo e polo que non durante estes catro anos.

Sr. Alcalde: ¿ moléstalle que eu sexa médico? A facultade está en Santiago, invítooo, podo acompañalo.

Sr. López Campos do PP: E sabe vostede que o xulgarán debidamente.

Sr. Alcalde: Sen ningún lugar a dúbidas, vaia rematando señor López porque ten dobrado o tempo, e se está esgotando o Pleno e non lle permite falar aos compañeiros.

Sr. López Campos do PP: Eu como son bastante máis cabaleiro que vostede e non me dedico a andar insultando aos meus rivais políticos.

Sr. Alcalde: Vostede non insulta a ninguén.

Sr. López Campos do PP: Eu non me vou a meter na súa vida privada como fai vostede coa miña, e lle vou a dicir unha cousa. A Estrada perdeu un bo médico e gañou un mal alcalde, esa é a desgraza.

Sr. Alcalde: Perfecto, moitas grazas.

Sra. López Doce do BNG: Non, non, non, paso...

Sr. Alcalde: Pasa... ante isto...

Sra. Aguiar Lale do PSOE: Simplemente para concluír, señor alcalde, se me permite., gustaríame cerrar facendo mención da nota de prensa que mencionaba antes de Faro de Vigo do sábado 7 de marzo do 2009 no que vostede señor López unha vez máis se contradí e di: “ hai que aprobar o PXOM que lle valga aos estradenses, non á Xunta”, non teño máis que dicir.

Sr. Alcalde: Ben, está claro todo, todo perfectamente claro e como rematado o debate eu o que vou a facer agora mesmo; vou ler unha declaración que quero que se inclúa integramente na acta deste pleno antes de pasar á votación: en data de hoxe, o Concello Pleno procede á aprobar as modificacións as que obriga a orde de 5 de maio de 2006 da Xunta de Galicia sobre o Plan xeral aprobado provisionalmente en sesión plenaria de 30 de xaneiro de 2006 conforme ao disposto no punto primeiro da resolución da citada orde. Os informes técnicos municipais, o actual administrativo e o consenso sobre o procedemento acordado coa Xunta de Galicia en reunións varias, demostran que o plan xeral conta con todos os requisitos legais esixidos para que hoxe teña lugar esta aprobación. A entrada en vigor do plan xeral da Estrada é unha necesidade recoñecida despois de

20 anos sen contar con instrumento de ordenación urbanística. A través do plan xeral, A Estrada poderá incrementar as súas dotacións de solo industrial e construír novos equipamentos públicos como os novos centros de saúde, centro de día, xulgado, dos que agora carecemos. Recoñecemos ademais que esta é unha necesidade expresada en numerosas ocasións polos nosos veciños e veciñas, xa que da entrada en vigor do PXOM depende que poidan obter licenza urbanística para construír as súas vivendas, poñer en marcha as súas industrias en definitiva levar a cabo a súa vida no noso municipio. Dependendo tamén a dotación de servizos como novas zonas verdes, aparcadoiros e rúas. Con este acto tomado hoxe, pretendemos sentar as bases para lograr un crecemento ordenado e sostible da nosa vila e das nosas parroquias, baixo criterios de racionalidade dotámonos dun marco no cal relacionarnos co noso entorno natural dun xeito respectuoso e ordenado. Do modelo de sociedade no cal queremos vivir e de unha ferramenta para construír o noso futuro.

O desenvolvemento económico da Estrada pasa sen dúbida por este importante paso e pola aprobación definitiva do plan na instancia correspondente. Este é un dos asuntos sobre os que A Estrada construírá o seu futuro e no cal os representantes políticos con independencia da opción ideolóxica ou da administración da cal formamos parte, debemos ir da man.

Sometido o asunto a votación unha vez probada a emenda, resultan doce votos a favor (PSdeG-PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Luozao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e oito abstencións (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maïssa Rodrigo, Goldar Soto, Loureiro Méndez, Vicente Vicente) e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que por maioría absoluta adóptanse os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Presentación á toma de razón e aprobación, se procede, polo Pleno da Corporación Municipal do Concello da Estrada, do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada resultante do procedemento de subsanación de deficiencias e introducción das modificacións requiridas pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, do 5 de maio de 2006, respecto do Texto aprobado provisionalmente polo Pleno municipal do 30 de xaneiro de 2006; e xa sometido igualmente ao procedemento de avaliación ambiental da Lei 9/2006, e trámite de información pública e informes sectoriais, todo isto debidamente recollido no texto obxecto de presentación, tra-la revisión e estimación ou desestimación das alegacións presentadas conforme aos acordos adoptados no seo da Comisión Municipal de Urbanismo.

Acordo da súa elevación á aprobación definitiva pola Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de conformidade co artigo 85, apartado sétimo, letra b) da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

SEGUNDO.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección medio rural de Galicia, o presente acordo adóptase no marco resultante dun procedemento de subsanación de deficiencias e introducción das modificacións requiridas pola Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, do 5 de maio de 2006, respecto do texto aprobado provisionalmente polo Pleno municipal do 30 de xaneiro de 2006. Esta aprobación provisional está refrendada pola actuación administrativa en diversos actos :

-Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 5 de maio de 2006, pola que se resolve non outorgar a aprobación definitiva do Plan

Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada, aprobado provisionalmente polo Pleno municipal o 30 de xaneiro de 2006, onde se indica que o Concello deberá introducir no proxecto as modificacións precisas para subsanar as deficiencias expresadas , para logo de aprobalas e tras os trámites oportunos, remitir novamente o plan para a súa aprobación definitiva.

-Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de servizos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, na cláusula primeira que define o obxecto contractual indícase que: Dentro deste procedemento xa se produciron a aprobación inicial e a aprobación provisional polo Pleno do Concello (Acordos de 16 de agosto de 2004 e 30 de xaneiro de 2006, respectivamente. En consecuencia, o obxecto fundamental do presente contrato é introducir no instrumento de planeamento que fora aprobado provisionalmente o 30 de xaneiro de 2006 as modificacións sinaladas na Orde de 5 de maio de 2006 da Consellería de Política Territorial.

-Acordo do Pleno do Concello de data 17 de setembro de 2009, no que se acorda: Toma de razón do texto correxido e adaptado á Orde da Consellería de Política Territorial do 5 de maio de 2006 do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada para información pública e aprobación do informe de sostibilidade ambiental (ISA).”

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

7º.- ROGOS E PREGUNTAS. Non se producen rogos nin preguntas.

Non habendo máis intervencións, e ao non efectuarse intervención ningunha por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e tres horas e cincuenta e cinco minutos.

A Estrada, 3 de febreiro de 2011
A secretaria.

Asdo.: Marta Cajide Barbeito

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO RELATIVO Á PRESENTACIÓN Á TOMA DE RAZÓN E APROBACIÓN DO DOCUMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA ESTRADA, RESULTANTE DO PROCEDEMENTO DE SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS E INTRODUCCIÓN DAS MODIFICACIÓNS REQUIRIDAS POLA ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES DE 5 DE MAIO DE 2006, RESPECTO DO TEXTO APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO MUNICIPAL DO 30-01-06; E XA SOMETIDO IGUALMENTE AO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA LEI 9/2006, E TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA E INFORMES SECTORIAIS, TODO ISTO DEBIDAMENTE RECOLLIDO NO TEXTO OBXECTO DE PRESENTACIÓN, TRALA REVISIÓN E ESTIMACIÓN OU DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONFORME AOS ACORDOS ADOPTADOS NO SEO DA COMISIÓN MUNICIPAL DE URBANISMO. ACORDO DA SÚA ELEVACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA POLA XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, DE CONFORMIDADE CO ART. 85, APARTADO 7, LETRA B) DA LEI 9/2002, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA.

Polo Alcalde, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Urbanismo celebrada en data 25 de novembro de 2010 que transcrito literalmente di:

PRESENTACIÓN Á TOMA DE RAZÓN E APROBACIÓN, SE PROCEDE, POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA, DO DOCUMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DA ESTRADA RESULTANTE DO PROCEDEMENTO DE SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS E INTRODUCCIÓN DAS MODIFICACIÓNS REQUIRIDAS POLA ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, DO 5 DE MAIO DE 2006, RESPECTO DO TEXTO APROBADO PROVISIONALMENTE POLO PLENO MUNICIPAL DO 30 DE XANEIRO DE 2006; E XA SOMETIDO IGUALMENTE AO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA LEI 9/2006, E TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA E INFORMES SECTORIAIS, TODO ISTO DEBIDAMENTE RECOLLIDO NO TEXTO OBXECTO DE PRESENTACIÓN, TRA-LA REVISIÓN E ESTIMACIÓN OU DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONFORME AOS ACORDOS ADOPTADOS NO SEO DA COMISIÓN MUNICIPAL DE URBANISMO. ACORDO DA SÚA ELEVACIÓN Á APROBACIÓN DEFINITIVA POLA XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, DE CONFORMIDADE CO ART. 85, APARTADO 7, LETRA B) DA LEI 9/2002, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA.

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Urbanismo por catro votos a favor correspondentes os representantes do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (1),

absténdose o PP (2) e o Sr. Reboredo Baños (1/2) , polo que se ditamina favorablemente e se eleva a Pleno a proposta de acordo ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo.

Antes de proceder ó debate da proposta ditaminada pola Comisión Informativa, por parte do Alcalde-Presidente próponse a introducción dunha emenda do acordo ditaminado nos seguintes termos:

Engadir un apartado segundo nos seguintes termos:

“SEGUNDO.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección medio rural de Galicia, o presente acordo adóptase no marco resultante dun procedemento de subsanación de deficiencias e introducción das modificacións requiridas pola Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, do 5 de maio de 2006, respecto do texto aprobado provisionalmente polo Pleno municipal do 30 de xaneiro de 2006. Esta aprobación provisional está refrendada pola actuación administrativa en diversos actos :

-Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 5 de maio de 2006, pola que se resolve non outorgar a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada, aprobado provisionalmente polo Pleno municipal o 30 de xaneiro de 2006, onde se indica que o Concello deberá introducir no proxecto as modificacións precisas para subsanar as deficiencias expresadas , para logo de aprobalas e tras os trámites oportunos, remitir novamente o plan para a súa aprobación definitiva.

-Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de servizos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, na cláusula primeira que define o obxecto contractual indícase que: Dentro deste procedemento xa se produciron a aprobación inicial e a aprobación provisional polo Pleno do Concello (Acordos de 16 de agosto de 2004 e 30 de xaneiro de 2006, respectivamente. En consecuencia, o obxecto fundamental do presente contrato é introducir no instrumento de planeamento que fora aprobado provisionalmente o 30 de xaneiro de 2006 as modificacións sinaladas na Orde de 5 de maio de 2006 da Consellería de Política Territorial.

-Acordo do Pleno do Concello de data 17 de setembro de 2009, no que se acorda: Toma de razón do texto correxido e adaptado á Orde da Consellería de Política Territorial do 5 de maio de 2006 do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada para información pública e aprobación do informe de sostibilidade ambiental (ISA).”

Sometida a emenda a votación, resultan doce votos a favor (PSdeG-PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e oito abstencións (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maíssa Rodrigo, Goldar Soteo, Loureiro Méndez, Vicente Vicente) e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que por maioría absoluta acordase a aprobación da emenda do acordo ditaminado pola Comisión Informativa de Urbanismo.

...

Aprobada a emenda e sometido a votación o ditame da Comisión de Urbanismo, resultan doce votos a favor (PSdeG-PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Maceiras Vicente, Sanmartín Obelleiro, Aguiar Lale, Asorey

Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Luozao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e oito abstencións (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maïssa Rodrigo, Goldar Soto, Loureiro Méndez, Vicente Vicente) e as dos non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez polo que por maioría absoluta adóptanse os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Presentación á toma de razón e aprobación, se procede, polo Pleno da Corporación Municipal do Concello da Estrada, do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada resultante do procedemento de subsanación de deficiencias e introducción das modificacións requiridas pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, do 5 de maio de 2006, respecto do Texto aprobado provisionalmente polo Pleno municipal do 30 de xaneiro de 2006; e xa sometido igualmente ao procedemento de avaliación ambiental da Lei 9/2006, e trámite de información pública e informes sectoriais, todo isto debidamente recollido no texto obxecto de presentación, tra-la revisión e estimación ou desestimación das alegacións presentadas conforme aos acordos adoptados no seo da Comisión Municipal de Urbanismo.

Acordo da súa elevación á aprobación definitiva pola Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de conformidade co artigo 85, apartado sétimo, letra b) da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

SEGUNDO.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección medio rural de Galicia, o presente acordo adóptase no marco resultante dun procedemento de subsanación de deficiencias e introducción das modificacións requiridas pola Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, do 5 de maio de 2006, respecto do texto aprobado provisionalmente polo Pleno municipal do 30 de xaneiro de 2006. Esta aprobación provisional está refrendada pola actuación administrativa en diversos actos :

-Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 5 de maio de 2006, pola que se resolve non outorgar a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada, aprobado provisionalmente polo Pleno municipal o 30 de xaneiro de 2006, onde se indica que o Concello deberá introducir no proxecto as modificacións precisas para subsanar as deficiencias expresadas , para logo de aprobalas e tras os trámites oportunos, remitir novamente o plan para a súa aprobación definitiva.

-Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de servizos de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, na cláusula primeira que define o obxecto contractual indícase que: Dentro deste procedemento xa se produciron a aprobación inicial e a aprobación provisional polo Pleno do Concello (Acordos de 16 de agosto de 2004 e 30 de xaneiro de 2006, respectivamente. En consecuencia, o obxecto fundamental do presente contrato é introducir no instrumento de planeamento que fora aprobado provisionalmente o 30 de xaneiro de 2006 as modificacións sinaladas na Orde de 5 de maio de 2006 da Consellería de Política Territorial.

-Acordo do Pleno do Concello de data 17 de setembro de 2009, no que se acorda: Toma de razón do texto correxido e adaptado á Orde da Consellería de Política Territorial do 5 de maio de 2006 do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada para información pública e aprobación do informe de sostibilidade ambiental (ISA).”

C) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

7º.- ROGOS E PREGUNTAS. Non se producen rogos nin preguntas.

Non habendo máis intervencións, e ao non efectuarse intervención ningunha por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e tres horas e cincuenta e cinco minutos.

A Estrada, 3 de febreiro de 2011

A secretaria.

Asdo.: Marta Cajide Barbeito